

O infinitivo flexionado no *Corpus de textos galegos escritos por estudantes no ámbito académico* (CORTEGAL)¹

María Álvarez de la Granja²

Recibido: 1 de maio de 2020 / Aceptado: 15 de outubro de 2020

Resumo. Neste traballo pretendemos analizar o emprego do infinitivo flexionado (IF) no *Corpus de textos galegos escritos por estudantes no ámbito académico* (CORTEGAL), que recolle textos redactados por estudantes de segundo de Bacharelato de Galicia. Tras describir as características básicas deste corpus, así como a metodoloxía utilizada para a identificación dos exemplos de uso do IF, amosamos os resultados obtidos, tanto en termos globais, como tendo en conta a súa distribución en función de diferentes criterios (número e persoa, papel desempeñado polo infinitivo ou pola oración en que se integra, coincidencia do suxeito do IF co suxeito da oración de que depende, posición da oración de infinitivo, presenza de suxeito explícito). En terceiro lugar, analizamos os resultados comparándoos cos obtidos noutros traballos sobre o uso do IF e avaliando a súa adecuación aos empregos canónicos establecidos nas gramáticas galegas. O traballo remata cunhas conclusións en que se destacan os resultados máis relevantes obtidos no estudo, entre os cales cabe resaltar o escaso emprego do IF e os erros na selección de número e persoa, e cunha reflexión final sobre o ensino desta forma verbal.

Palabras chave: infinitivo flexionado; galego; corpus; ensino de linguas.

[es] El infinitivo flexionado en el *Corpus de textos galegos escritos por estudantes no ámbito académico* (CORTEGAL)

Resumen. En este trabajo pretendemos analizar el empleo del infinitivo flexionado (IF) en el *Corpus de textos galegos escritos por estudantes no ámbito académico* (CORTEGAL), que recoge textos redactados por estudantes de segundo de Bachillerato de Galicia. Tras describir las características básicas de este corpus, así como la metodología utilizada para la identificación de los ejemplos de uso del IF, mostramos los resultados obtenidos, tanto en términos globales, como teniendo en cuenta su distribución en función de diferentes criterios (número y persona, papel desempeñado por el infinitivo o por la oración en que se integra, coincidencia del sujeto del IF con el sujeto de la oración de que depende, posición de la oración de infinitivo, presencia de sujeto explícito). En tercer lugar, analizamos los resultados comparándolos con los obtenidos en otros trabajos sobre el uso del IF y evaluando su adecuación a los empleos canónicos establecidos en las gramáticas galegas. El trabajo finaliza con unas conclusiones en que se destacan los resultados más relevantes obtenidos en el estudio, entre los cuales cabe resaltar el escaso empleo del IF y los errores en la selección de número y persona, y con una reflexión final sobre la enseñanza de esta forma verbal.

Palabras clave: infinitivo flexionado; gallego; corpus; enseñanza de linguas.

[en] Inflected Infinitive in the *Corpus de textos galegos escritos por estudantes no ámbito académico* (CORTEGAL)

¹ Este proxecto foi elaborado no marco do proxecto *Corpus de textos galegos escritos por estudantes no ámbito académico. Ferramenta para a análise da competencia escrita en lingua galega* financiado por FEDER/Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades - Agencia Estatal de Investigación, Proxecto PGC2018-096069-B-100. O corpus tamén contou coa axuda financeira da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Quero agradecer as valiosas suxestións realizadas por Francisco Cidrás Escáneo e María López Sánchez tras a lectura dunha versión previa deste traballo. Por suposto, todas as omisións e erros que subsistan son da enteira responsabilidade da autora.

² Universidade de Santiago de Compostela. Instituto da Lingua Galega.
Correo-e: maria.alvarez.delagranja@usc.gal; <https://orcid.org/0000-0003-4079-2287>.

Abstract. This paper analyzes the use of the inflected infinitive (II) in the *Corpus de textos galegos escritos por estudantes no ámbito académico* (CORTEGAL), which contains texts written by students in their last year of secondary education in Galicia. Following a description of the basic traits of this corpus and the methodology employed to identify the examples that use the II, we present the results obtained, both globally and with respect to their distribution according to different criteria (number and person; syntactic role of the infinitive or of the clause it integrates; whether the subject of the II is coreferential with the subject of the main clause; position of the infinitive clause; presence of lexical subject). Thirdly, we analyze the results in comparison with the findings of other works on the use of the II and by assessing the adequacy of the former to the uses established as canonical in Galician grammars. The paper concludes with a summary of the most important findings of the study, among which we should highlight the low use of the II and the errors in the selection of number and person, along with final considerations on the teaching of this verb form.

Keywords: Inflected Infinitive; Galician; Corpus; Language Teaching.

Sumario. 1. Obxectivos e metodoloxía. 2. Resultados. 2.1. Número e persoa. 2.2. Papel desempeñado polo infinitivo conxugado. 2.3. Coincidencia de suxeitos. 2.4. Posición da oración de IF. 2.5. Expresión do suxeito do IF. 3. Discusión. 3.1. Nivel de uso. 3.2. Contextos de uso. 3.3. Avaliación dos usos rexistrados. 4. Conclusións e reflexións finais. 5. Apéndice 6. Referencias bibliográficas.

Como citar: Álvarez de la Granja, M. (2020): “O infinitivo flexionado no *Corpus de textos galegos escritos por estudantes no ámbito académico* (CORTEGAL)”, en *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos* 23, pp. 15-38.

1. Obxectivos e metodoloxía

O obxectivo deste traballo é analizar, desde o punto de vista cuantitativo e cualitativo, o uso do infinitivo flexionado (en diante IF) no *Corpus de textos galegos escritos por estudantes no ámbito académico* (CORTEGAL), que se está construíndo no Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela.

Os textos que conforman CORTEGAL son textos manuscritos redactados en galego por estudantes de segundo de Bacharelato da comunidade autónoma galega no marco dos exames da materia “Lingua e literatura galegas” da proba de Avaliación do Bacharelato para o acceso á Universidade (ABAU), tradicionalmente coñecida como Selectividade. O corpus está conformado por 1000 redaccións elaboradas como resposta á pregunta número 3, en que se solicita que a/o estudante redacte un texto, de carácter argumentativo e de ao redor de 200-250 palabras, en que exprese a súa opinión sobre un tema de actualidade. Concretamente, os textos seleccionados corresponden

ás probas de avaliación do curso 2016-2017, tanto da convocatoria de xuño como da de setembro. En cada convocatoria hai dous modelos de exame, de maneira que os textos tratan catro temas diferentes. Estes son os enunciados das catro preguntas número 3, que se vinculan en todos os casos cun texto previo que figura ao comezo do exame:

XUÑO 2017

Opción A (texto inicial de Fran Alonso en *Dorna* 27, 2001)

Nos últimos anos a gastronomía e a cociña acadaron moita popularidade. Redacta un texto expoñendo a túa opinión sobre este fenómeno: as súas causas, o que ten de moda pasaxeira ou de cambio cultural máis duradeiro...

Opción B (texto inicial de J. Luís Sucasas en *Vieiros*, 2009)

Redacta un texto sobre a importancia que teñen o consumo e a produción (ou o consumismo e a produtividade) no noso modo de vida actual.

SETEMBRO 2017

Opción A (texto inicial de Xavier Quiroga de *Zapatillas rotas*, 2014)

Expón, de maneira argumentada, a túa opinión persoal sobre o problema que reflicte o texto e, en xeral, sobre este tipo de conflitos familiares entre pais e fillos adolescentes.

Opción B (texto inicial de Mercedes Queixas, en *Palavra Comum*, 09/10/2015)

A autora móstrase crítica co feito de que a infancia e a mocidade soñe con ser futbolista ou modelo moi maioritariamente (liña 10). Redacta un texto expoñendo de maneira argumentada o teu acordo ou desacordo co seu punto de vista.

Os textos das/dos estudantes teñen carácter anónimo e para cada un deles unicamente contamos coa seguinte información: a convocatoria a que pertence o exame (xuño ou setembro), a cualificación obtida (tanto na pregunta 3 como na proba completa de lingua e literatura galegas) e a comisión delegada á que corresponde o exame. Existen 26 comisións delegadas e cada unha delas ten asignados unha serie de centros de ensino determinados pertencentes a unha zona xeográfica que normalmente é bastante ampla (a única excepción é a comisión delegada 25, que non ten asignados centros educativos concretos, senón alumnado con necesidades especiais procedente de calquera parte de Galicia, e que, precisamente pola súa excepcionalidade, quedou fóra da mostra). Os

centros asignados a cada comisión delegada poden ter características moi dispares, de modo que nunha mesma comisión podemos encontrar centros privados e públicos ou centros urbanos ao lado doutros que reciben esencialmente alumnado procedente de zonas rurais.

A mostra que conforma o corpus está constituída, como indicamos, por 1000 textos proporcionados pola Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG) correspondentes tanto á convocatoria de xuño como á de setembro. O número de textos da mostra por comisión delegada e convocatoria é proporcional á cifra total de exames por comisión e convocatoria, coa salvidade de que, no caso da distribución por convocatorias, e arredondando, diminuímos a porcentaxe de probas realizadas en setembro do 15% ao 10% (de tal modo que na nosa mostra, un 90% das redaccións corresponden á convocatoria de xuño e un 10% á convocatoria de setembro, fronte ao 85% e 15%, respectivamente, do total de exames das ABAU). Esta diminución explícase polo feito de que boa parte do alumnado que realizou o exame na convocatoria de setembro tamén o fixo previamente na convocatoria de xuño. En consecuencia, se mantivésemos a distribución inicial (85%/15%), estaríamos outorgándolles máis peso aos informantes que realizaron o exame dúas veces.

Unha vez establecido o número de exames de xuño e o número de exames de setembro correspondentes a cada comisión delegada, a selección das probas fíxose exclusivamente atendendo á distribución equitativa dos temas (en cada comisión o 50% dos textos seleccionados corresponde á opción A e o 50% á opción B, tanto en xuño como en setembro). Cando nalgunha comisión non foi posible realizar esta distribución por non dispoñermos dun número suficiente de exames dunha das opcións, compensouse o desequilibrio na seguinte comisión en que isto foi posible. Polo demais, a selección dos textos para cada comisión foi aleatoria. Para máis detalles sobre o corpus, vid. Álvarez de la Granja (2018).

Os textos que conforman CORTEGAL foron transcritos na plataforma TEITOK (<http://www.teitok.org/>), identificando e etiquetando os elementos riscados polo alumnado no proceso de redacción dos textos, así como as palabras ou fragmentos engadidos sobre a redacción inicial. A plataforma TEITOK tamén se empregará para a tokenización, lematización e anotación dos textos, pero estes procesos aínda non foron levados a cabo. Por este

motivo, para realizar as buscas de formas de IF acudimos á ferramenta AntConc (<http://www.laurenceanthony.net/software.html>), que nos permitiu facer concordancias sobre os 1000 textos gardados en formato txt. De acordo cos datos que nos fornece AntConc, o noso corpus está constituído por 231.814 formas (tokens) e 16.630 palabras diferentes (types). Con todo, debe terse en conta que neste cómputo se inclúen as formas riscadas polo estudante, que, tal e como se indicou, tamén foron transcritas e estarán accesibles nunha das opcións de visualización dos textos.

En AntConc unicamente buscamos aquelas formas de IF cuxa expresión é diferencial con respecto ao infinitivo invariable, isto é, que posúen unha marca desinencial explícita: a 2ª persoa de singular (*cantares*) e as tres persoas de plural (*cantarmos*, *cantardes*, *cantaren*). Non realizamos, por tanto, buscas sobre a 1ª e a 3ª persoa de singular, coincidentes no IF e no infinitivo invariable (*cantar*). Dado que os textos non están polo momento anotados categorialmente, para identificar as formas acudimos ás terminacións acompañadas de caracteres comodín (*res, *rmos*, *rdes, *ren), con identificación manual entre os resultados das formas correspondentes ao IF. Engadimos tamén as buscas con posibles pronomes átonos enclíticos (*rmonos, *rense, *renlle etc.) e con artigos na segunda forma. Para estes últimos non atopamos ningún exemplo nos textos do corpus en combinación con IF.

2. Resultados

Unha vez realizadas as buscas de acordo coa metodoloxía exposta no apartado precedente obtivemos unicamente 55 exemplos de uso do IF, proporcionados por un total de 41 estudantes, isto é, por un 4,1% do alumnado, pois nove persoas empregaron o infinitivo en dúas ou en tres ocasións. O conxunto dos exemplos cos seus contextos de uso figura en apéndice. Non incluimos entre os 55 exemplos dúas formas en que figura a desinencia *-mos* engadida a un infinitivo que debería empregarse pronominalmente, pois resulta difícil saber se a/o estudante flexionou o infinitivo e omitiu o clítico *nos* ou se simplemente cometeu un erro gráfico ao escribir o pronome átono, que acompañaría un infinitivo invariable:

- (1) É verdade que hai xente que tenta non selo mais a realidade e que, aínda sen *darmos* conta, estamos a consumir ou a producir algo. [*dármonos* / *darnos*]

- (2) Cando os nosos pais e nais nos di algo é porque é bo para a nosa educación e tamén e bo para que aprendamos a *conformármomos* co que temos. [*conformármonos / conformarnos*]

No exemplo (1) a/o estudante risca *darnos* e escribe *darmos*, o que nos faría inclinarnos pola primeira opción. Con todo, excluímos a forma da análise para sermos coherentes co tratamento dado a (2).

Nos exemplos anteriores e nos que se ofrecen ao longo do texto, transcribimos fielmente o texto do alumnado, conservando os erros e erratas, eliminando os riscados e destacando en cursiva o IF. A continuación ofrecemos a distribución dos exemplos en función de diferentes criterios.

2.1. Número e persoa

Na táboa 1 ofrecemos a distribución das formas de IF rexistradas en CORTEGAL por número e persoa.

Persoa e número	Número de casos	Porcentaxe
2ª persoa de singular	4	7,27%
1ª persoa de plural	20	36,36%
2ª persoa de plural	0	0%
3ª persoa de plural	31	56,36%
TOTAL	55	100%

Táboa 1. Distribución das formas de IF por número e persoa

Como cabía esperar tendo en conta o tipo de textos, de carácter argumentativo, que as/os estudantes debían escribir, as formas de 2ª persoa son escasas, pois só encontramos catro exemplos correspondentes ao singular. Ademais, se analizamos eses catro casos descubrimos que en tres deles a persoa foi seleccionada incorrectamente, tal e como se pode comprobar en (3), (4) e (5). En (3) e (4) o suxeito do infinitivo é a 3ª persoa de plural e en (5) a 3ª persoa de singular, pero nos tres casos a forma flexionada corresponde á 2ª persoa de singular:

- (3) Os fillos encóntranse nunha etapa vital crítica onde tratan buscar quen son e qué queren ser, chegando a ser incomprensibles en ocasións. Pensan que teñen unha maior madurez só por *chegares* á adolescencia,

pero en realidade é unha fase de cambio e capricho.

- (4) E mesmo expertos relacionados co mundo da produción de hardware das novas tecnoloxías din que están fabricados para *romperes* máis rápido para que a xente volva a comprar.
- (5) Que este estilo de vida se manteña ao longo do tempo xa é máis discutible, pero o que está claro é que de *seguires* así a economía, este tipo de modas quedarán olvidadas e regresarán os produtos nacionais.

No cuarto exemplo, en que a/o estudante escribe inicialmente a forma invariable e a seguir risca e escribe a forma flexionada, podería interpretarse que a/o autor(a) do texto escolle achegarse á/ao lector(a) mediante o emprego da 2ª persoa de singular no canto da 1ª de singular (Álvarez e Xove 2002: 541), nun uso que Serrano (2013) etiqueta como de “*ti obxectivoador*”³. Esta variabilidade na selección da persoa do discurso incrementárase a seguir, coa incorporación da 1ª persoa do plural.

- (6) A min gústame ir para a aldea cos meus avós e estar na horta recollendo tomates, leitugas, cenorias... ademais de *pasares* un rato agradable cos avós, estámonos asegurando que o que imos comer é sano e aforramos bastantes cartos.

O resto das formas conxúganse, como indicamos, na 1ª ou na 3ª persoa de plural, pois non existen exemplos da 2ª de plural. No caso da 1ª persoa de plural, os usos corresponden ben a un plural de modestia, como en (7) e (8), ben, maioritariamente, a un plural xenérico ou colectivo, cun referente variable segundo os casos (a sociedade galega actual, a sociedade capitalista, a humanidade en xeral etc.), como en (9) e (10).

- (7) Para *concluirmos*, a produción non existiría sen o consumo.
- (8) Tamén cómpre *destacarmos* que ese “tráfico de comida” que se denuncia no texto é en realidade o que demanda a poboación, sobre todo a máis xove.
- (9) Toda esta eficacia na produción non ten outra finalidade que a de *acadarmos* un salario a fin de mes que nos permita non só subsistir, senón tamén satisfacer os nosos desexos de consumo que non son poucos.

³ “Se trata de un valor en que *yo* intenta salvaguardar su imagen, desplazándose hacia el *tú* (...) y de una estrategia desfocalizadora que hace partícipe al oyente de lo que dice el hablante” (Serrano 2013: 182).

- (10) En conclusión, agardo que esta actitude cambie canto antes para *podermos* prosperar como unha sociedade ecoloxista en favor do medio ambiente

No caso da 3ª persoa de plural, a maioritaria nos exemplos do corpus, o referente pode ser moi variable, tal e como se pode comprobar en (11), (12) e (13), que ofrecemos a modo de exemplo:

- (11) Son numerosas as vantaxes disto posto que favorecen o coñecemento das técnicas culinarias ao *poderen* ser observadas minuciosamente por unha cámara e, por tanto, ser grabadas por sempre.
- (12) Así é todo, moita culpa diste problema téñeno as autoridades, que non fan nada ó *veren* que os produtores galegos están a perder o seu emprego e as súas empresas (propias do país), pola chegada doutras máis baratas e estranxeiras.
- (13) Este cambio seguramente ven dado pola demanda, maioritariamente de clases medias e altas, de *probaren* e novas experiencias, neste caso, gustativas.

En varios casos encontramos tamén unha clara selección inadecuada da persoa. É o que sucede en (14-18), onde figura a 3ª persoa de plural, malia corresponderen a 3ª persoa de singular (14-17) ou a 1ª de plural (18):

- (14) Por outra parte ter certa idea de gastronomía, ben sexa na teoría ou na práctica, supón un certo prestixio o cal, pese a *seren* algo superfluo, adquire relevancia ao ubicarse nun panorama social onde a cultura encontrase sutilmente ignorada.
- (15) (...) a comida podeselle engadir outros alicientes que a convirten nun dos grandes representantes da nosa cultura, e chegando en certos casos a *seren* tratada coma un artigo de luxo
- (16) Mentres que fai uns anos os restaurantes caros se caracterizaban por ter unha boa calidade de produto e estar ben cociñados; na actualidade para *seren* un restaurante prestixioso requírese moito máis.
- (17) É indiscutible que este fenómeno da gastronomía foi cousa dunha moda nova establecida na civilización. Porén, tamén caracterízase por *seren* un avance de carácter cultural implantado na nosa nova mentalidade
- (18) Nós, que tanto estamos a presumir de *seren* países desenvolvidos nos que non existe a escravización, estamos a ser por outro lado, os primeiros en fomentala.

Casos diferentes encontrámoslos en (19), (20) e (21), onde a selección da persoa, aínda que xera unha discordancia, pode ter unha xustificación. En (19) é posible que a/o estudante reformule a presentación da información, primeiro incluíndose no suxeito (as persoas consumimos (...)) producimos) e despois excluín dose (as persoas (...) teren):

- (19) As persoas consumimos moito mais do que producimos sen *teren* en conta os efectos que isto pode ter.

Outro exemplo de discordancia, aínda que menos rechamante, encontrámolo en (20), onde se produce unha concordancia ad sensum no infinitivo:

- (20) A xente xa só encontra a felicidade e a satisfacción no *mercaren* sen control.

Finalmente, en (21), a/o estudante cambia do singular para plural probablemente polo carácter xenérico da referencia, que fai perfectamente intercambiabes os dous números (unha persoa / as persoas).

- (21) agora unha persoa normal pode mirar facilmente unha receta e aprender como facela cun video en vez de *teren* que descifrar un libro de recetas

2.2. Papel desempeñado polo infinitivo conxugado

Na táboa 2 recolleemos a distribución dos exemplos encontrados en función do papel que realiza o IF, ou a oración que constitúe, na construción en que se insire. Os papeis desempeñados ordénanse de maior a menor frecuencia de exemplos.

Papel desempeñado	Número de casos	Porcentaxe
Complemento circunstancial	38	69,09%
Complemento preposicional	6	10,91%
Verbo auxiliado de perífrase	3	5,45%
Complemento nominal	3	5,45%
Suxeito	3	5,45%
Complemento adxectivo	1	1,82%
Atributo	1	1,82%
TOTAL	55	100%

Táboa 2. Distribución do IF en función do papel desempeñado na construción en que se integra

Como se pode observar, na maior parte dos casos (69,09%) a oración de IF desempeña o papel de complemento circunstancial na unidade superior en que se insire, incluíndo aquí as oracións de infinitivo que “funcionan como CC máis integrados na predicación (lugar, tempo, modo, cantidade) e as que expresan relacións lóxicas (finalidade, causa, concesión, consecuencia, condición)” (Álvarez e Xove 2002: 142). Velaquí algúns exemplos:

- (22) Por iso, o proletariado debe tomar conciencia da súa situación, erguer a súa voz en contra desta inxustiza e solidarizarse coa súa clase, evitando comprar aquilo que non precise e axudando, sobre todo, aos produtores da nosa terra, tratando de evitar, na medida que o peto o permita, as grandes multinacionais, que malia *teren* ofertas moi suculentas, rematan por perpetuar a explotación do obreiro e campesiño.
- (23) Para *concluírmolos*, deberíamos de intentar, non consumir sen necesidade, dado que consumir por consumir pode perxudicarnos.
- (24) Sen *sermos* conscientes, nacemos e desenvolvemos as nosas vidas baixo as consignas de consumir e producir.

Na táboa 3 ofrecemos unha análise máis detallada destas subordinadas adverbiais, tendo en conta o contido portado pola oración de infinitivo. Os valores son moi dispares, aínda que predominan as subordinadas finais introducidas pola preposición *para*, seguidas das

Contido	Número de casos	Porcentaxe
Finalidade (<i>para</i>)	12	31,58%
Causa (<i>por</i> [3], <i>ao</i> ⁴ [4] ⁵)	7	18,42%
Modo (<i>sen</i>)	5	13,16%
Tempo (<i>ao</i>)	4	10,53%
Condición (<i>de</i>)	3	7,89%
Concesión (<i>malia</i> , <i>pese a</i>)	2	5,26%
Adición (<i>ademais de</i>) ⁶	2	5,26%
Lugar (<i>no</i>)	1	2,63%
Consecuencia (<i>ata o punto de</i>)	1	2,63%
Substitución (<i>en vez de</i>)	1	2,63%
TOTAL	38	100%

Táboa 3. Distribución do IF nas subordinadas adverbiais en función do contido transmitido

causais, introducidas con *por* e *ao*, das modais con *sen* e das temporais introducidas por *ao*.

Por outro lado, e en segundo lugar, de acordo coa frecuencia no corpus (vid. táboa 2), encontramos seis exemplos (10,91%) de infinitivos flexionados que funcionan como complemento preposicional rexido por un verbo. Os verbos complementados polo infinitivo son *caracterizarse* (*por*) (tres exemplos), *presumir* (*de*) (un exemplo) e *pasar* (*a*) (dous exemplos)⁷:

⁴ Nos exemplos das/dos estudantes podemos encontrar tanto a representación gráfica *ao* como *ó* (nun caso con omisión do acento).

⁵ A diferenciación entre os valores temporais e causais das expresións introducidas por *ao* non sempre é doada de facer, posto que ás veces parecen combinarse ambos os dous contidos. Consideramos que a subordinada ten valor temporal cando admite doadamente a substitución por *cando* e causal cando isto non é posible ou resulta forzado. Así, por exemplo, atribuímoslle valor temporal á oración de IF do primeiro dos seguintes exemplos, pero non á do segundo:

- Así é todo, moita culpa diste problema téñeno as autoridades, que non fan nada *ó veren* que os produtores galegos están a perder o seu emprego e as súas empresas (propias do país), pola chegada doutras máis baratas e estranxeiras.
- Así pois o que fan e relacionar precio con calidade, disminuíndo de esta maneira o consumismo, pois o *seren* produtos máis caros non se poden permitir tanta cantidade, olvidando que en realidade o precio na maioría das veces, non está relacionado ca produtividade.

⁶ Aínda que tradicionalmente os contidos de adición se asocian coa relación de coordinación, esta caracterización non corresponde cos usos de *ademais de* seguido de infinitivo ou de oración modotemporal, onde se observa unha clara relación de dependencia cunha oración principal. Seguimos a Peres de Oliveira 2012, que considera as oracións introducidas en portugués por *além de* como oracións subordinadas adverbiais de adición. Remitimos a esta autora e á bibliografía alí considerada para unha análise máis demorada da cuestión.

⁷ É frecuente considerar a estrutura *pasar + a + infinitivo* como unha perífrase verbal (vid. por exemplo Álvarez e Xove 2002: 369). No entanto a construción presente en (29) (*pasar de X a Y*) é dificilmente catalogable como tal

- (25) O gobernos españois caracterízanse por *seren* corruptos e ineficaces.
- (26) Se nada máis entrar en crise, o goberno investise cartos, tardaríase só uns anos en saír da crise, pero coma xa citei antes, os gobernos españois sempre se caracterizaron por *seren* corruptos e ineficaces.
- (27) É indiscutible que este fenómeno da gastronomía foi cousa dunha moda nova establecida na civilización. Porén, tamén caracterízase por *seren* un avance de carácter cultural implantado na nosa nova mentalidade.
- (28) Nós, que tanto estamos a presumir de *seren* países desenvolvidos nos que non existe a escravización, estamos a ser por outro lado, os primeiros en fomentala.
- (29) Isto é, os alimentos son coma a roupa ou os produtos de hixiene: pasaron de ter un uso específico a *seren* un obxecto co cal o capitalismo fai crer ás persoas que quen máis cartos ten para pagar cousas de marca é mellor ca o resto.
- (30) Allea a relación gastronomía - turismo, está o protagonismo que acada a alta cociña, que outorga premios e distincións tanto a locais como a chefs, que pasan a *seren* máis coñecidos.

En tres casos, o IF é verbo auxiliado dunha perífrase. As perífrases que atopamos son *poder + infinitivo* (un exemplo)⁹ e *chegar + a + infinitivo* (dous exemplos). Nótase que en todos os casos o verbo auxiliar aparece nunha forma non finita, infinitivo ou xerundio:

- (31) Por iso, na miña opinión, non se debe frear o consumo, sempre e cando sexa prudente, ou a produción, o que deberíamos frear é a publicidade enganosa, e así poder *sabermos* o que mercamos sen prexuízos.
- (32) Por idílico que pareza este tipo de programas levan consigo un problema de cara a evolución dos nenos. Tratar aos nenos coa dureza que se fai, sometelos a esa presión... Por outra banda o feito de que eso se faga pola audiencia. Tanto adultos como mozos.

Uns por chegar a *seren* como eles e outros por lles pareceren eses nenos persoaxes graciosas e inocentes.

- (33) a comida podeselle engadir outros alicientes que a convirten nun dos grandes representantes da nosa cultura, e chegando en certos casos a *seren* tratada coma un artigo de luxo.

Noutros tres casos o infinitivo funciona como complemento nominal. En (36) consideramos que ten lugar a elisión de *finalidade*:

- (34) Este cambio seguramente ven dado pola demanda, maioritariamente de clases medias e altas, de *probaren* novas experiencias.
- (35) E a pregunta a *facérmonos* sería: por que tendo produtos tan bos da nosa terra, como o polbo ou os grelos, hai unha gran cantidade de persoas que prefiren consumir alimentos tipicamente estranxeiros?
- (36) Toda esta eficacia na produción non ten outra finalidade que a de *acadarmos* un salario a fin de mes que nos permita non só subsistir, senón tamén satisfacer os nosos desexos de consumo que non son poucos, pois os estímulos chégannos dende calquera parte e dende calquera lugar.

En tres casos, o IF funciona como suxeito do verbo principal. Este é sempre o verbo *cómpre*.

- (37) Como último consello cómpre *sabermos* cociñar xa que é básico nas nosas vidas
- (38) Tamén cómpre *destacarmos* que ese “tráfico de comida” que se denuncia no texto é en realidade o que demanda a poboación, sobre todo a máis xove
- (39) Compree *sermos* conscientes de que estamos a vivir nunha sociedade moi influenciada polo consumismo e as modas, toda nova tendencia resulta de ter un gran éxito na poboación.

Finalmente, nun caso a oración de IF funciona como complemento adxectivo (40) e noutro como atributo (41):

e parece corresponder mellor á acepción ‘cambiar dunha ocupación, estado, opinión etc., para outro’ (*Diccionario da Real Academia Galega*: s.v. *pasar*). Por este motivo considerámola neste grupo e coherentemente, facemos o mesmo coa construción *pasar a Y* que figura en (30) e na que se omite o estado inicial de que se parte (pasar de ser menos coñecidos a ser máis coñecidos).

⁸ Na descrición de usos do IF as construcións con *poder* non sempre se inclúen dentro das perífrases, senón que algunhas gramáticas (por exemplo Freixeiro Mato 2000a: 396) falan separadamente de combinacións con perífrases e con verbos modais. En calquera caso, o comportamento é o mesmo nun e noutro caso.

- (40) Esta situación dáse sobre todo en nenos que están acostumados a *conseguiren* o que queren.
- (41) A evolución do mundo cara a modernidade fixo que se crease unha gastronomía diferente en cada cultura como a gastronomía de sentidos que non só consiste en degustar e analizar os pratos, senón que o deber das persoas é *teren* sentido eses pratos.

2.3 Coincidencia de suxeitos

Neste apartado cuantificamos os casos de coincidencia e de non coincidencia do suxeito do infinitivo e da oración de que depende, pois, tal e como comentaremos en 3.3, este é un factor que ten incidencia no emprego do IF. No caso dos complementos de substantivo e adxectivo, consideramos a coincidencia ou non coincidencia do suxeito do IF co suxeito da oración en que se integra o substantivo ou o adxectivo.

Debe terse en conta que nos interesa en última instancia a coincidencia ou non coincidencia dos referentes dos suxeitos, de xeito que este é o aspecto que teremos en consideración á hora de clasificar os exemplos en que detectamos unha selección inadecuada ou anómala da persoa (vid. 2.1), con independencia da forma concreta escrita pola/polo estudante. Ademais, no exemplo (23), aínda que a forma do infinitivo e do verbo principal coincide (1ª persoa de plural), os referentes son diferentes (o emisor no IF e un contido xenérico no verbo principal), de modo que o computamos como un caso de non coincidencia de suxeitos. Ofrecemos os resultados para cada un dos papeis do infinitivo identificados no apartado previo. Téñase en conta que, no caso dos infinitivos que funcionan como suxeito, a ausencia de coincidencia é obrigada pola propia estrutura, mentres que nos tres exemplos en que funcionan como

verbos auxiliados de perífrases, a situación é a contraria. No resto dos casos podería darse ou non coincidencia.

De acordo co que se reflicte na táboa 4, son maioritarios os casos en que os suxeitos coinciden (58,18%) como en (42), fronte a aqueles en que non se produce a coincidencia (41,82%), como en (43).

- (42) Moitas veces sen *dármonos* conta somos partícipes dunha economía que supón a compra continua de obxectos materiais que na maioría dos casos nin sequera necesitamos.
- (43) En conclusión, agardo que esta actitude cambie canto antes para *podermos* prosperar como unha sociedade ecoloxista en favor do medio ambiente.

2.4 Posición da oración de IF

Tal e como indicaremos en 3.3, adoita considerarse que a posición da oración subordinada con respecto á principal ten influencia no emprego do IF, no sentido de que cando os suxeitos son coincidentes, a anteposición do infinitivo con respecto ao verbo principal favorece a súa flexión. Centrémonos, daquela, naqueles casos en que os suxeitos son correferenciais. Deixamos a un lado os exemplos en que o infinitivo forma parte dunha perífrase ou funciona como complemento preposicional rexido por un verbo e nos que o IF sempre figura despois do verbo auxiliar / rexente, de acordo coa orde natural nestas estruturas.

Como se pode observar na táboa 5, son maioritarios os casos de posposición (59,09% nas oracións que funcionan como complemento circunstancial), como en (44), fronte aos casos de anteposición (40,90% no mesmo grupo), como en (45):

Papel desempeñado	Número de casos		Porcentaxe	
	Coincidencia	Non coincidencia	Coincidencia	Non coincidencia
Complemento circunstancial	22	16	57,90%	42,10%
Complemento preposicional	6	0	100%	0%
Verbo auxiliado de perífrase	3	0	100%	0%
Complemento nominal	0	3	0%	100%
Suxeito	0	3	0%	100%
Complemento adxectivo	1	0	100%	0%
Atributo	0	1	0%	100%
TOTAL	32	23	58,18%	41,82%

Táboa 4. Coincidencia dos suxeitos do IF e da oración principal

Papel desempeñado	Número de casos		Porcentaxe	
	Anteposición	Posposición	Anteposición	Posposición
Complemento circunstancial	9	13	40,90%	59,09%
Complemento adxectivo	0	1	0%	100%
TOTAL	9	14	39,13%	60,87%

Táboa 5. Anteposición e posposición do IF con respecto ao verbo da oración principal

- (44) Estes, evidentemente, queren crear produtos que compre a xente para así *obteren* máis beneficios.
- (45) Esta sobreprotección aos rapaces por parte dos pais crea unha rebeldía nos mozos, os que, por non *faceren* caso a seus pais, xa que se sinten “dominados” ou “escravizados” realizan unha serie de conductas impropias para a súa idade ou calquer outra.

2.5. Expresión do suxeito do IF

Finalmente analizamos os exemplos atopados tendo en conta se o suxeito do IF aparece explicitamente expreso na oración nucleada por el, pois esta circunstancia tamén parece favorecer o emprego do IF (cf. 3.3). Os datos ofrécense na táboa 6:

Suxeito	Número de casos	Porcentaxe
Expreso	4	7,27%
Non expreso	51	92,73%

Táboa 6. Expresión do suxeito do IF na oración nucleada por este

Tal e como se pode ver nesta táboa, só en catro casos o suxeito do infinitivo está explicitamente expreso. Son os seguintes:

- (46) Que este estilo de vida se manteña ao longo do tempo xa é máis discutible, pero o que está claro é que de *seguires* así *a economía*, este tipo de modas quedarán olvidadas e regresarán os produtos nacionais.
- (47) Por idílico que pareza este tipo de programas levan consigo un problema de cara a evolución dos nenos. Tratar aos nenos coa dureza que se fai, sometelos a esa presión... Por outra banda o feito de que eso se faga pola audiencia. Tanto adultos como mozos. Uns por chegar a seren como eles e outros por lles *pareceren eses nenos* persoaxes graciosas e inocentes.
- (48) Cuestión de moda ou non, é certo que acadou unha gran popularidade, ata o punto de *seren* ofrecidos *grandes recoñecementos* aos chefs.

- (49) A evolución do mundo cara a modernidade fixo que se crease unha gastronomía diferente en cada cultura como a gastronomía de sentidos que non só consiste en degustar e analizar os pratos, senón que o deber das persoas é *teren* sentido *eses pratos*.

No resto dos exemplos, o suxeito é doadamente deducible, ben por ser un ti obxectivoador, un plural de modestia ou un plural xenérico, ben por poder obterse contextualmente ao coincidir co suxeito do verbo principal ou ao desempeñar algún papel na oración finita que acompaña o infinitivo (vid. por exemplo 6-13).

3. Discusión

3.1. Nivel de uso

Tal e como indicamos en 2, encontramos no corpus unicamente 55 exemplos de emprego de IF (nas persoas con desinencias diferentes de Ø) ofrecidas por un 4,1% das/dos estudantes. Esta escasa presenza do IF no noso corpus concorda coas conclusións extraídas para os textos literarios por Jansegers e Vanderschueren (2010: 439), as cales, establecendo a comparación co portugués, afirman que “mientras que el Inf FI portugués a lo largo de varios siglos ha ampliado su radio de acción, el Inf FI gallego ha reducido drásticamente sus empleos en los contextos en los que con mayor frecuencia solía aparecer”, pois “en la mayoría de los casos el gallego opta por una estructura distinta de la portuguesa, privilegiando las construcciones con infinitivo invariable y las oraciones finitas con conjunción sobre las oraciones con Inf FI” (2010: 420). O mesmo sinala Vázquez Diéguez (2012: 127), quen, despois de analizar exemplos tirados de corpus de textos galegos e portugueses, afirma que “é máis común encontrar o invariable cando podería ser flexionado na lingua galega que na portuguesa”.

Xa Gondar (1978) sinalaba hai máis de 40 anos que o galego fora perdendo usos desde a época medieval, atribuíndo esta circunstancia, como Jansegers e Vanderschueren (2010) e Freixeiro Mato (2000a: 391), á influencia

do castelán, onde o IF non existe (vid. tamén Vanderschueren e Jansegers 2010 e Xove 2005: 325). Nótese a este respecto que, como moitos estudos sinalan, a influencia do contacto co castelán no galego é moi relevante e maniféstase nos diferentes planos da lingua: léxico, fónico, morfolóxico e sintáctico (sobre este aspecto, vid. entre outros moitos traballos, Dubert García 2005, Silva Valdivia 2006 ou Silva Valdivia 2013):

Hai que concluir con todo que, a pesar destes factores e tendo en conta a frecuencia da F[orma]C[onxugada] no portugués falado (quizaves menor que no escrito, pero aínda moi usual), esta presenta moitas restricións no galego oral (vimos xa cómo os datos da xeografía lingüística nos ofrecían indicios dos mesmos) e, de xeito xeral, pódese dicir que estas son meirandes canto maior é o grado de castelanización dos falantes, que moitas veces corre parello coa menor idade dos mesmos. Sen dúbida ningunha, existe un bo número de galego-falantes que non coñecen este idiotismo no seu idiolecto particular. O influxo da morfoloxía castelana e a falta dunha escolarización en galego son decisivos e explican perfectamente tais restricións. (Gondar 1978: 155)

Sen negar a máis que posible influencia do castelán na perda de usos do IF galego, cabe sinalar que esta tendencia á diminución no uso do IF non é allea tampouco ao portugués. Schulte (2007: 266) mostra unha caída no uso desde a Idade Media ata 1800, aínda que tamén un lixeiro incremento posterior. De súa vez, Canever (2017: 108), nun traballo realizado con 1346 teses de doutoramento da Universidade de São Paulo presentadas entre 1995 e 2014, verifica unha lixeira diminución do uso do IF, ano tras ano no portugués brasileiro, en cuas variedades populares, por outro lado, o IF apenas ten presenza (Barbosa, Flores e Pereira

2018: 153; Duarte, Santos e Gonçalves 2016: 476; Pires e Rothman 2009b: 233). Este feito non entra necesariamente en contradición coa expansión do IF a novos contextos, rexistrada por Canever (2017: 108) e por Jansegers e Vanderschueren (2010: 439), que aluden á ampliación do “radio de acción” do IF.

Ante esta situación, sería interesante coñecer cal é a diferenza de uso do IF en galego e portugués. Desafortunadamente, non temos constancia de ningún estudo que analice a presenza do IF en textos portugueses similares aos nosos, aínda que si podemos establecer unha comparación cos textos académicos brasileiros analizados por Canever (2017), que ofrece porcentaxes de uso en distintos contextos sintácticos.

Para levar a cabo a comparación, seleccionamos dous contextos estudados pola autora (un cunha alta porcentaxe de uso do IF nas teses estudadas e outra cunha porcentaxe máis baixa) e comparamos os niveis de uso do IF en galego e en portugués brasileiro. Os contextos seleccionados foron a preposición *sem / sen-sin* e a contracción *ao / ao-ó* seguidos de infinitivo. Para cada un destes contextos computamos 1) o número de casos presentes en CORTEGAL en que, aínda que se utiliza un infinitivo invariable, podería empregarse un IF na 1ª ou na 3ª de persoa de plural, que son as únicas persoas que Canever (2017) estuda; 2) os casos de uso de IF nesas persoas. Na segunda e na terceira columna da seguinte táboa ofrecemos o número de infinitivos non flexionados e flexionables encontrados en CORTEGAL para cada un dos contextos sinalados, na terceira columna o número de IF e na cuarta e quinta as porcentaxes correspondentes tendo en conta o total de infinitivos, restrinxíndonos sempre, como indicamos á 1ª e á 3ª persoa de plural.

	Infinitivos non flexionados (INF)	Infinitivos flexionados (IF)	Porcentaxe de INF	Porcentaxe de IF
<i>Sen / sin</i>	76	5	93,83	6,17%
<i>Ao / ó / o</i> (con valor de ó)	43	8	84,31%	15,69%

Táboa 7. Uso do infinitivo flexionado e non flexionado con *sen* e *ao*

Aínda que Canever (2017: 71-72) non ofrece porcentaxes exactas, indica que o uso de IF con *ao* se sitúa ao redor do 80% (máis do

quíntuplo da porcentaxe galega) a de *sem* lixeiramente por baixo do 20% (ao redor do triplo do galego). Malia que os textos e as súas

autoras e os seus autores son moi diferentes, parece claro que os resultados coinciden coas observacións de Jansegers e Vanderschueren (2010) e Vázquez Diéguez (2012) arriba reproducidas, que sinalaban que o IF era menos frecuente en galego ca en portugués. Debemos ter en conta, ademais, que, tal e como indicamos, e fronte ao que sucede no portugués europeo, o IF non forma parte das variedades coloquiais do portugués brasileiro, senón que se aprende sobre todo na escola, o que fai esperar que o seu uso sexa aínda maior na variedade europea.

O baixo emprego do IF entre o estudiantado galego xa fora detectado por Silva Valdivia (2006), quen no curso 2000-2001 realizou varias probas para avaliar a competencia do alumnado no ámbito da morfosintaxe galega. Unha destas probas solicitaba que as/os estudantes completasen o seguinte enunciado: (Cando marchedes) *Ao, procurede deixar todo recollido e ordenado*. Só un 0,8% do alumnado completou co IF, fronte a un 83,6% que utilizou o infinitivo invariable e un 15,6% que empregou outras formas (Silva Valdivia 2006: 208). Os resultados encontrados en CORTEGAL ofrecen un uso sensiblemente superior (4,1%), aínda que as tarefas son diferentes e en consecuencia dificilmente comparables. En calquera caso, a porcentaxe superior en CORTEGAL talvez se poida explicar polo diferente nivel educativo (4º da ESO en Silva Valdivia 2006 e 2º de Bacharelato en CORTEGAL) e pola especial relevancia das probas ABAU, o que pode suscitar nalgúns ou nalgunhas estudantes o desexo de amosar o seu coñecemento do IF (vid. 4).

3.2. Contextos de uso

Con respecto aos contextos de uso do IF, os nosos resultados tamén coinciden co exposto noutros traballos previos, que sinalan a preferencia do emprego do IF en subordinadas adverbiais, fronte a outros contextos sintácticos. Así, por exemplo, Gondar (1978: 140-141) afirma que “o emprego máis frecuente de F[ormas]C[onxugadas] en tódalas épocas da lingua dáse nas oracións adverbiais cunhas diferencias na porcentaxe moi grandes con respecto ás demais construcións”. A porcentaxe sinalada por Gondar (1978: 140) para os textos dialectais (72,72% de infinitivos flexionados en subordinadas adverbiais sobre o total de contextos de uso) está moi próxima da que nós encontramos nos textos de CORTEGAL.

Así, tal e como sinalamos en 2.2, en algo máis do 69% dos casos o IF figura neste tipo de estruturas.

Se reparamos no contido semántico da subordinada adverbial, observamos que en CORTEGAL son maioritarias as subordinadas finais, seguidas das causais. A predominancia das subordinadas finais tamén coincide cos datos encontrados por Gondar (1978: 142) en todo tipo de textos (medievais, dialectais e literarios), pero contrasta co carácter maioritario das subordinadas temporais no corpus galego estudado por Jansegers e Vanderschueren (2010: 429). Con todo, a adecuada valoración dos datos requiriría termos información sobre o número total de subordinadas adverbiais correspondentes a cada tipo semántico no noso corpus para podermos contrastar a porcentaxe de uso de IF en cada contido semántico. Aínda que carecemos de información concreta, unha ollada aos textos permítenos concluir que as expresións finais e causais son máis frecuentes ca as temporais en CORTEGAL, o cal se pode explicar doadamente tendo en conta o carácter argumentativo dos textos que conforman o corpus. Esta preponderancia global impídenos concluir que haxa necesariamente unha maior tendencia ao uso do IF nas subordinadas finais e causais sobre as temporais, pois é posible que unha aproximación en termos porcentuais, que nestes momentos non podemos levar a cabo, ofrecese outros resultados.

Ademais dos usos nas subordinadas adverbiais, rexistramos tamén, tal e como se indica na táboa 2 (2.2), outros empregos, que son sempre escasos e agás no caso do complemento preposicional, non superan o 10% de exemplos. Esta reducida presenza de usos non adverbiais concorda coa encontrada por Gondar (1978) hai máis de 40 anos no seu corpus dialectal e literario. O corpus dialectal inclúe textos recollidos entre os anos 20 e os anos 70 do século XX, a maioría correspondentes á década dos sesenta ou dos setenta, mentres que os textos literarios se sitúan entre os anos cincuenta e setenta, sendo os desta última década os maioritarios, tal e como pode comprobarse na bibliografía da obra (1978: 161-165).

Na táboa 7 contrastamos as porcentaxes atopadas en CORTEGAL para cada construción sintáctica coas sinaladas por Gondar (1978: 140) nos textos dialectais (Gondar dial.) e literarios (Gondar lit.). Mantemos a terminoloxía empregada por este autor:

	CORTEGAL	Gondar dial.	Gondar lit.
Inf. compl. circunstancial	69,09%	72,72%	58,90%
Inf. suxeito	5,36%	2,72%	4,19%
Inf. atributo	1,82%	0,90%	1,27%
Inf. aposición	0%	0%	0,76%
Inf. 2º termo dunha comparación	0%	0,90%	0,76%
Inf. dependente de verbos auxiliares	5,45%	9,09%	14,50%
Inf. complemento directo	0%	1,81%	1,39%
Inf. complemento con preposición	10,91% ⁹	2,72%	4,07%
Inf. complemento predicativo	0%	0%	0,38%
Inf. complemento terminativo ¹⁰	0%	0,90%	2,53%
Inf. xerundial	0%	0,90%	1,27%
Inf. complemento dun substantivo	5,45%	6,36%	6,48%
Inf. complemento dun adxectivo ¹¹	1,82%	0	2,41%
Outras funcións	0%	0,90%	1,01%

Táboa 7. Comparativa da distribución de contextos de uso do IF en CORTEGAL e no corpus de Gondar (1978)

Nótese que non hai diferenzas rechamantes nas porcentaxes encontradas neste traballo e no de Gondar (1978), de modo que podemos afirmar que a grandes trazos a distribución é bastante similar á que sinalaba este autor en 1978.

Con respecto á presenza de infinitivos conxugados con suxeito expreso, Gondar alude a unha certa diminución no seu emprego desde a Idade Media (15,27% nesta época, fronte ao 8,77% nos textos dialectais e o 10,90% nos literarios). A nosa porcentaxe é bastante similar á dos textos dialectais, aínda que lixeiramente por debaixo (7,27%), confirmando unha tendencia á diminución no emprego do IF con suxeito expreso que xa fora sinalada por Gondar (1978: 150): “na lingua moderna as construcións de infinitivo con suxeito expreso téñense reducido en prol das correspondentes

con verbo en forma finita: segundo isto, coido que esa construción está hoxe moito máis viva no portugués que no galego”. Álvarez e Xove (2002: 307) sinalan na mesma dirección, ao indicaren que estas construcións son infrecuentes, “pois tende a preferirse unha construción modotemporal”. Tamén afirman o mesmo Jansegers e Vanderschueren:

Quando el Inf FI portugués sí se combina con un sujeto explícito, el español y el gallego muestran ambos una clara preferencia por la oración finita con conjunción y sujeto explícito, que se da en más de la mitad de los casos (en ambas lenguas en el 51,3%). Que el gallego, cuando hay un sujeto explícito, dé muestras de tan obvia predilección por la construcción finita con conjunción, parece vincularse con la marcada reducción de uso del Inf FI con sujeto propio. (Jansegers e Vanderschueren 2010: 420)

⁹ Nas mostras que ofrece Gondar 1978, non encontramos ningún exemplo da estrutura *pasar a + infinitivo*, de modo que, de rexistrar o seu uso con IF, non sabemos se o autor a considerou como perífrase ou como complemento con preposición. Se nós a considerásemos perífrase, daquela as porcentaxes quedarían así: inf. dependente de verbos auxiliares 9,09%, inf. complemento con preposición 7,27%.

¹⁰ Gondar 1978: 121 denomina complementos terminativos aos segundos complementos de verbos como *convidar, animar, incitar, obrigar, axudar, convencer, aconsellar, ensinar, afacer* etc. Así, por exemplo, o elemento destacado en cursiva na seguinte oración sería un complemento deste tipo: convidou a Ana a *ir á festa*.

¹¹ En realidade, o único exemplo que temos de complemento adxectivo (“nenos que estan acostumbrados a *conseguiren* o que queren”) sería considerado por Gondar 1978: 122-123 como un complemento terminativo, de acordo coa análise que el realiza destes adxectivos participiais derivados de verbos con dobre complemento (“acostumar a alguén a algo”)

Con todo, non se trata só de que se produza unha substitución da oración de infinitivo por unha construción finita, senón tamén do emprego do infinitivo invariable en contextos onde en principio se esperaríase un IF. É o que sucede nos seguintes casos, que ofrecemos a modo de exemplo:

- (50) En definitiva, o consumo e a produción nos nosos tempos baséase nun constante consumo pretendendo sempre encontrar produtos máis baratos e nunha produción de masas disposta a cumprilo sen *importar os medios*, e isto debería ser un punto clave e unha prioridade para o noso goberno, para desmantelalo e conseguir un consumo e produción xustos.
- (51) Para min, o que está claro é que non hai outra razón que leve ás persoas á traballar máis que a ambición, a evolución e o progreso por unha banda e, por outra, o afán de imitación, de *ser todos* iguais.
- (52) O ideal para que a nosa sociedade non colapse é o equilibrio entre individuos produtores e a súa produción e as necesidades de consumo da sociedade, posto que no caso de *faltar estes produtores* a sociedade podería entrar nun estado de falta de necesidades básicas.

3.3. Avaliación dos usos rexistrados

Tal e como sinalaba Gondar (1978: 155) xa hai corenta anos na cita anteriormente reproducida, “existe un bo número de galego-falantes que non coñecen este idiotismo [= o IF] no seu idiolecto particular”. Unha idea semellante expresa Álvarez (1995: 28) cando fala da “situación de relativa infrecuencia en que se atopa na lingua de grandes camadas da poboación galegofalante”. Ademais, unha boa parte da poboación da idade do estudantado representado en CORTEGAL non ten o galego como lingua inicial (segundo a última enquisa do Instituto Galego de Estatística, realizada en 2018, un 38% das persoas entre 15 e 29 anos teñen unicamente o castelán como primeira lingua). Daquela, con toda seguridade unha boa parte do alumnado que redactou os textos de CORTEGAL só coñece o IF a través do ensino. De feito, entre as probas levadas a cabo por Silva Valdivia (2006) con alumnado de 4º da ESO incluíuse unha para medir o seu grao de identificación con esta forma verbal e os resultados

obtidos poñen de relevo tanto a perda de usos no galego oral como a vinculación do IF co galego aprendido na escola:

os colectivos que tradicionalmente se veñen asociando co galego popular (os que residen no rural, os que teñen o galego como lingua inicial, os que falan habitualmente en galego) son os que mostran menor identificación coa forma flexionada do infinitivo (as diferenzas entre os que residen en ámbitos rurais e urbanos achéganse aos 20 puntos, e entre os que falan habitualmente galego e os castelanfalantes habituais supera os 10; en ambos os dous casos, a favor dos segundos). (Silva Valdivia 2006: 212)

A proba consistía en indicar, no enunciado *Ao (virde / vir / viñerde) para a casa, recollé-deme no Instituto*, que forma lles resultaba máis familiar, isto é, con cal se identificaban en maior medida: co IF, co infinitivo invariable ou coa forma inexistente *viñerde*. En calquera caso, a porcentaxe máis alta de selección do IF nesta proba, nos diferentes grupos de poboación¹², foi do 27,9% (concretamente no alumnado que tiña como lugar de residencia a periferia das cidades). Ademais, nesta proba tamén cumpría avaliar a corrección de cada unha das tres posibilidades arriba sinaladas e noutra había que etiquetar o seguinte enunciado como correcto ou incorrecto: *Veña, rapaces, xa son as oito e é hora de marchardes*. No primeiro caso, un 32,4% do alumnado considerou o enunciado con IF como incorrecto e no segundo un 41% (dos cales un 26,3% substituíu o IF polo invariable).

Por outro lado, xa fóra do ámbito educativo, o propio Silva Valdivia (2006: 43) fai referencia á existencia de empregos hiperexcebristas, o mesmo que Álvarez (1994: 28), quen alude a “usos erróneos e abusivos” e a “usos forzados pola discriminación positiva”. En Xove (2005) poden encontrarse algúns exemplos deste tipo. En consecuencia, vista a situación fóra e dentro do ámbito educativo, cabe preguntarse sobre a adecuación dos usos encontrados en CORTEGAL aos empregos canónicos sinalados polas gramáticas galegas e por outros traballos que describen e prescriben o emprego do IF.

A este respecto, xa sinalamos en 2.1 a existencia de oito casos en que a selección da persoa era claramente inadecuada e inxustificable contextualmente. Supoñen unha porcentaxe

¹² As variables da mostra son o lugar de residencia, a lingua inicial e a lingua habitual con amigos.

bastante elevada con respecto ao total de exemplos do corpus, un 14,54%, e non encontramos un patrón común na confusión de formas, aínda que o caso máis frecuente é o emprego da terceira persoa de plural no canto da terceira de singular.

No que se refire á adecuación desde o punto de vista dos contextos de uso do IF, teremos en conta o que establecen as gramáticas e outros traballos sobre o seu emprego. Con todo, non sempre é doado avaliar os exemplos encontrados, pois, tal e como sinala Xove (2005: 327-328), existe bastante disparidade entre as diferentes gramáticas, comezando polo feito de que algúns traballos, como veremos a seguir, sinalan que certos usos son obrigatorios, mentres que outros afirman que o IF nunca é obrigado. O problema deriva, en boa medida, da perda de usos que se foi producindo en galego desde a Idade Media, xunto co incremento dos contextos de emprego en portugués (vid. 3.1). A combinación dun galego vivo con poucos exemplos de uso, onde a diminución do emprego se atribúe á influencia do castelán (vid. 3.1); da vontade de contribuír a recuperar o IF e da existencia dun potencial modelo de referencia neste proceso de recuperación, o portugués, ao que as gramáticas acoden en graos moi diferentes, conduce á existencia nestas de diferentes propostas de uso. Non podemos esquecer, ademais, que, tal e como sinala Soares da Silva (2008), o uso do IF está motivado por factores de diferente tipo, conceptuais, estruturais e pragmáticos, o que determina que o seu emprego “cannot be predicted in any absolute way” (2008: 230).

En calquera caso, máis alá do que establezan as gramáticas, a avaliación dos usos do IF debe ter en conta as razóns do seu emprego. Vanderschueren (2013: 132-134) sinala tres principios xerais que condicionan o seu uso:

- a) a autonomía sintáctica e conceptual do infinitivo con respecto á oración principal
- b) o grao de accesibilidade do suxeito do infinitivo
- c) o carácter manifestamente verbal do infinitivo

Así, haberá maior tendencia á flexión canto maior sexa a autonomía do infinitivo, cando presente comportamentos explicitamente verbais e canto menos accesible sexa o seu suxeito. De acordo co primeiro principio, unha condición especialmente favorable para o emprego

do IF é o feito de que este teña un suxeito diferente do suxeito do verbo do que depende. A presenza de suxeitos diferentes implica unha maior independencia do evento denotado polo infinitivo con respecto ao evento da oración principal e unha especial prominencia do primeiro participante do suxeito do infinitivo, o que conduciría á flexión deste último (Soares da Silva 2008: 236; Vesterinen 2006: 63, Vanderschueren 2013: 132). Segundo Álvarez e Xove (2002: 307) a flexión do infinitivo en contextos de diferente suxeito é o uso máis frecuente e recomendable. Freixeiro Mato (2000a: 397) e Hermida (2004: 114), pola súa banda, consideran que o emprego do IF en tales casos é obrigatorio. Como mostramos na táboa 4, os exemplos con suxeito diferente supoñen un 41,82% dos casos encontrados en CORTEGAL, pero atopamos ademais varios contextos deste tipo en que se emprega o infinitivo invariable, como reflexo do que se pode atopar no galego en xeral, tanto oral como escrito. En (52-54) xa ofrecemos tres exemplos con suxeito expreso. A seguir ofrecemos, a modo de exemplo, outros dous casos con suxeito diferente, pero non expreso:

- (53) Porque a nosa sociedade educa a os nenos para *ser* “Cristianos Ronaldo” ou “Mileys Cyrus” en vez de “Platóns” ou “Pitagoras”?
- (54) En realidade, a cociña non gusta a todo o mundo, como se pensa actualmente, simplemente agora atopamos moitas ofertas de traballo neste ámbito; ademais de que hai un montón de ciclos profesionais adicados a este tema e según a experiencia da xente son moi doados de realizar e con eles obtés un bo expediente porque ao *ser* tan doados, as notas son altas.

Por outra banda, cando o suxeito do IF e do verbo do que depende coinciden, adoitan sinalarse nas gramáticas galegas algúns factores favorecedores da flexión do infinitivo. Así, Gondar (1978: 69-75), seguindo a Maurer (1968: 205, 214), menciona entre tales trazos os seguintes, sinalados tamén por diferentes gramáticas (Freixeiro Mato 2000a: 398; Álvarez e Xove 2002: 308; Hermida 2004: 114):

- a) A distancia entre o infinitivo e o verbo rexente ou o seu suxeito.
- b) A anteposición da oración de infinitivo ao verbo rexente.

Tales factores estarían directamente vinculados co segundo principio regulador da flexión do

infinitivo arriba mencionado, o baixo grao de accesibilidade do seu suxeito (Vanderschueren 2013: 134). Así, o afastamento pode facer que se perda a noción de cal é o suxeito, de modo que este se retoma no infinitivo¹³. Con respecto á anteposición, dado que o suxeito do verbo rexente aínda non foi mencionado, ofrécese este no infinitivo para axudar á comprensión do receptor. Vesterinen (2006), ademais da distancia e a anteposición (“relação catafórica”) engade algúns outros factores favorecedores do emprego do IF nas subordinadas adverbiais, todos eles relacionados cos principios arriba mencionados.

A distância entre a proposição que contém o antecedente e a proposição adverbial, a competição entre vários antecedentes possíveis, uma relação catafórica, pausas, repetições e reformulações criam uma necessidade cognitiva de empregar uma proposição adverbial mais proeminente, não só em casos não co-referenciais, mas também em casos co-referenciais (Vesterinen 2006: 88).

Se analizamos os exemplos do noso corpus, limitándonos aos infinitivos que teñen o mesmo suxeito ca o verbo do que dependen, hai, tal e como sinalamos na táboa 5, 9 casos de anteposición (39,13%) e 14 (60,87%) de posposición (lembrems que neste cómputo temos en conta a identidade dos referentes antes ca a identidade na expresión formal do suxeito).

Dentro dos casos en que se produce posposición, encontramos algúns exemplos da posible influencia do factor distancia (55-58). Nótese que en (56) se flexiona só o segundo infinitivo dependente do verbo *pasaron*. O mesmo factor pode contribuír a que en (57) e en (58), onde se produce concordancia ad sensum, a autora / o autor do texto substitúa a 3ª persoa de singular do verbo principal pola terceira de plural no IF, aínda que o referente sexa en realidade o mesmo¹⁴.

- (55) Estes, evidentemente, queren crear produtos que compre a xente para así *obteren* máis beneficios.

- (56) Isto é, os alimentos son coma a roupa ou os produtos de hixiene: pasaron de ter un uso específico a *seren* un obxecto co cal o capitalismo fai crer ás persoas que quen máis cartos ten para pagar cousas de marca é mellor ca o resto.

- (57) Agora unha persoa normal pode mirar facilmente unha receita e aprender como facela cun video en vez de *teren* que descifrar un libro de recetas.

- (58) A xente xa só encontra a felicidade e a satisfacción no *mercaren* sen control.

Existen, con todo, algúns casos onde non se pode apelar ao factor da anteposición, nin tampouco, talvez, ao da distancia. Entre as subordinadas adverbiais, poden citarse exemplos como (59) e (60), pero en todo caso debe notarse que entre a forma conxugada da oración principal e o IF hai sempre cando menos dous elementos.

- (59) A onde chegamos? e, o que é aínda máis alarmante, a onde imos parar de *seguirmos* así?

- (60) E mesmo expertos relacionados co mundo da produción de hardware das novas tecnoloxías din que están fabricados para *romperes*¹⁵ máis rápido para que a xente volva a comprar, esta cadea non é negativa e mais mellora a economía.

Álvarez e Xove (2002: 309) consideran que exemplos como estes serían “forzados e desaconsellables”¹⁶. Freixeiro Mato, pola contra, semella consideralos obrigatorios ou en todo caso recomendables:

Se vai despois do verbo principal, o uso debebase considerar obrigatorio (...) de apareceren elementos interpostos (*Fixemos previamente este traballo sen coñecermos a situación*) e recomendábel de posuír o mesmo suxeito e non levar elementos interpostos (*Viñemos para falarlamos convosco / para falar convosco*). (Freixeiro Mato 2000a: 397)

Gondar, de súa vez, parece aceptar usos deste tipo, que ilustra en calquera caso con exemplos tirados de textos literarios, apelando á maior

¹³ Segundo Vesterinen 2006: 44, a distancia formal implica distancia conceptual, de feito que este factor tamén se vincularía co primeiro principio, o da autonomía da oración de infinitivo.

¹⁴ Gondar 1978: 74-75 ofrece exemplos similares tirados da lingua oral.

¹⁵ Nótese que neste exemplo hai unha selección inadecuada da persoa.

¹⁶ Deducimos esta afirmación a partir da valoración que fan de exemplos ofrecidos por eles mesmos como “Dásme pena por seres tan envexoso”, “Mellor che sería tomares algo para curares dunha vez esa carraspeira”, “E como fixeches para dares con esa fermosa praia”, “Imos parar aquí un pouco a descansarmos unhas horas”.

independencia sintáctica das oracións adverbiais fronte a outras construcións e ao desexo do falante de destacar o suxeito do IF:

A proximidade do verbo rexente indicando o suxeito da acción evita o ter que empregar a desinencia persoal de infinitivo: se esta se emprega está claro que o que se pretende é precisamente destacar a súa personalidade. En último caso, é sempre o falante o que decide –en contextos deste tipo– o emprego dunha ou outra forma. Se a construción coa F[orma]C[onxugada] non resulta rechamante e parece aceptábel –cousa que non pasa, por exemplo, cos verbos auxiliares–, é porque a dependencia do infinitivo do verbo rexente é menos estreita que naqueles e, ademáis, porque normalmente non coincide a desinencia do primeiro co do segundo, co cal se evita a cacofonía que produciría tal repetición. (Gondar 1978: 74)

Tampouco se pode apelar á distancia ou á ateposición no único exemplo en que o IF se insire nun complemento dun adxectivo:

- (61) Esta situación dasé sobre todo en nenos que estan acostumbrados a *conseguiren* o que queren e por culpa dos pais que consinten todo para que o seu neno non se poña a chorar.

Por outro lado, fóra deste caso e das subordinadas adverbiais, chaman a atención tres usos (31-33) en que o IF é verbo auxiliado dunha perífrase verbal (“e así *poder sabermos* o que mercamos sen prexuízos”; “Uns por *chegar a seren* como eles”, “*chegando* en certos casos a *seren* tratada coma un artigo de luxo”¹⁷). Afirmase con frecuencia que os verbos auxiliares de perífrases non poden conxugarse: Hermda Gulías (2004: 114), por exemplo, sinala que “nunca se poden empregar nas perífrases, mesmo que sexan impersonais”, Freixeiro Mato (2000a: 396) matiza que se debe utilizar o infinitivo invariable nas perífrases verbais e cos verbos modais sempre que non haxa algún elemento interposto, e Álvarez e Xove (2002: 310) sinalan que o uso do IF está excluído nos verbos auxiliados das perífrases verbais.

Con todo, non podemos deixar de mencionar o feito de que en todos os casos encontrados o verbo auxiliar é unha forma non persoal do verbo, un infinitivo ou un xerundio. Gondar (1978: 70), seguindo a Maurer (1968: 204), quen exemplifica exclusivamente con xerundios, propón o carácter non persoal do verbo rexente como outro factor favorecedor da flexión do infinitivo, un factor que tamén se debe vincular co principio da baixa accesibilidade do suxeito: se no verbo rexente non se pode expresar o suxeito a través da conxugación, acódesse á flexión do infinitivo rexido¹⁸. Con todo, debe terse en conta que nos dous casos encontrados en que o verbo auxiliar é un infinitivo, este podería conxugarse, de modo que se se desexa informar do suxeito, o esperable sería a flexión do verbo auxiliar da perífrase: “e así *podermos* saber o que mercamos sen prexuízos”; “Uns por *chegaren* a ser como eles”.

Tamén son merecentes de mención algúns exemplos en que o IF é complemento preposicional dun verbo rexente (vid. os exemplos 25-30): “O gobernos españois caracterízanse por *seren* corruptos e ineficaces”, “os gobernos españois sempre se caracterizaron por *seren* corruptos e ineficaces”, “caracterízase por *seren* un avance de carácter cultural”, “outorga premios e distincións tanto a locais como a chefs, que pasan a *seren* máis coñecidos”¹⁹.

A valoración deste tipo de exemplos nas gramáticas é dispar. Segundo Álvarez e Xove (2002: 310), o infinitivo non debe flexionarse “cando depende do verbo co que comparte o Sux. e ó que en xeral segue inmediatamente (ou do que está separado por algunha palabra como prep., relativo, clítico...)”. Pola contra, Freixeiro Mato (2000a: 397-398) indica que o seu uso é obrigatorio se existen elementos interpostos, máis alá da preposición, entre ambos os verbos e facultativo, aínda que recomendable, non os habendo, contexto que ilustra co texto de Castelao “trataron de ensancharen”. Gondar, pola súa banda, afirma o seguinte en relación cos complementos preposicionais:

¹⁷ Neste último exemplo hai unha selección inadecuada da persoa do IF.

¹⁸ Gondar 1978: 110 ofrece algúns exemplos similares aos nosos, sempre tirados da literatura e non da fala oral, sinalando que “o emprego da F[orma]C[onxugada] resulta lóxica por ir o auxiliar en forma impersonal”: Por exemplo, “¿Qué fixeron os republicáns por Galicia? (...) Intentar *faceren* unha rede de ferrocarril hastra Vigo, querer *convertiren* iste porto en depósito (...)”. Xove 2005: 328 sinala que o traballo de Gondar “depende en exceso de textos literarios de posguerra pouco espontáneos e fiables”.

¹⁹ Non incluímos o exemplo (29), repetido en (56), porque nel podemos apelar ao factor da distancia.

Entre os exemplos que nos ofrece o material consultado parece que o caso máis frecuente é aquel en que o suxeito do infinitivo, expreso ou non, é distinto ó do verbo rexente; pero tamén se atopan outros en que o suxeito é igual para os dous verbos, sobre todo cando están presentes os factores que favorecen o emprego da F[orma]C[onxugada] (Gondar 1978: 117).

En calquera caso, debemos chamar a atención sobre o feito de que en todos os exemplos ofrecidos o verbo rexido é o verbo *ser* acompañado do seu atributo. Gondar (1978: 72), seguindo a Maurer (1968: 201), sinala a presenza dun predicativo ou dun atributo como un factor favorecedor da flexión verbal, así como o emprego da voz pasiva. De súa vez, Vanderschueren (2013: 133) cita a construción pasiva e a presenza de complementos predicativos como indicios de verbalidade (recórdese o terceiro principio arriba sinalado) e daquela como favorecedores da conxugación. De acordo con esta autora (Vanderschueren 2013: 133), “cuanto mayor sea la presencia de un comportamiento explícitamente verbal del infinitivo (semántica o formalmente), más tendencia habrá de que se subraye este carácter verbal mediante la flexión”. Outro indicio de verbalidade mencionado por Vanderschueren (2013: 175) é o carácter pronominal do infinitivo. Este factor, que encontramos en (62), xa fora sinalado por Gondar (1978: 71), seguindo a Maurer (1968: 202).

- (62) Da mesma maneira, penso que esta moda deixará pegada na sociedade, xa agora hai xente verdadeiramente apasionada co mundo da cociña, entre eles, moitos nenos que están desexando medrar para *convertírense* en grandes cociñeiros.

Noutros casos, para xustificar a flexión do infinitivo, pode apelarse a novos factores non mencionados nas gramáticas galegas, pero si nos traballos que analizan os principios que regulan o uso do IF, como a existencia dunha pausa (indicio de autonomía; Vanderschueren 2013: 169, Vesterinen 2006: 88), como en (63), ou a complexidade da oración de infinitivo (o que dificultaría o acceso ao suxeito; Vanderschueren 2013: 172), como no mesmo (63) e en (64).

- (63) A fin e ó cabo, moitas persoas compran por comprar, sen *fixárense* se o produto e do país, se ven envasado con plástico ou se é de mellor ou peor calidade, é o máis barato e o compran.
- (64) Así é todo, moita culpa diste problema téñeno as autoridades, que non fan nada ó *veren*

que os produtores galegos están a perder o seu emprego e as súas empresas (propias do país), pola chegada doutras máis baratas e estranxeiras.

Así pois, recapitulando, son poucos os contextos de uso que poderían considerarse como inadecuados. Probablemente os únicos casos claros son (31), “poder sabermos” e (32) “chegar a seren” e canda eles existirían outros empregos que en todo caso poderían cualificarse como forzados (por exemplo, os que funcionan como complementos preposicionais separados do verbo rexente só por preposición). Máis alá desta cuestión, chama a atención que nos tres exemplos en que o IF funciona como suxeito do verbo principal, este é o verbo *cumprir* na 3ª persoa do presente de indicativo (*cómpre*). De igual xeito, cómpre destacar a recorrencia da oración final *para concluírmos / finalizar-mos*, que representa un 9% dos exemplos do corpus (3 casos de *para concluírmos*, 1 de *para finalizar-mos*). Probablemente a expresión adquiriu certo carácter formulaico, podendo ser cualificado como un marcador discursivo de carácter conclusivo.

4. Conclusións e reflexións finais

A análise realizada amosa como principal resultado a escasa utilización do IF nos textos do estudantado galego. Como xa indicamos, só un 4,1% do alumnado da nosa mostra flexiona nalgún momento un infinitivo, sendo o contexto de uso máis frecuente o das subordinadas adverbiais e especificamente as finais. En poucos casos o contexto de uso do IF atopado nos textos pode considerarse como inaceptable, só naqueles en que o IF depende doutro infinitivo flexionable (2 casos), aínda que certos usos talvez se poidan cualificar como forzados ou pouco naturais.

Si resulta claramente inaxeitada a persoa seleccionada nun 14,54% dos casos (8 exemplos proporcionados por 8 estudantes diferentes). É posible que estes usos anómalos se expliquen simplemente como lapsus, pero o certo é que xa outras autoras e outros autores sinalan a existencia de problemas deste tipo e ofrecen exemplos, extraídos de textos auténticos, que os ilustran (Hermida 2005: 115, Gondar 1978: 35). Podería formularse a hipótese de que, cando menos nalgúns destes casos, a marca flexiva do IF perdeu o seu valor orixinal como marcadora de número e persoa. Pero nese caso, cal sería entón a función do IF? Por que estas/estes estudantes empregan a forma flexionada?

Na nosa opinión, a funcionalidade pode ser de tipo pragmático. Cómpre ter en conta que o IF, moi probablemente polo seu carácter diferencial no galego fronte a outras linguas²⁰, especialmente o castelán, é un elemento que leva asociado unha marca de prestixio, de lingua de calidade e de autenticidade. Así por exemplo, Regueira afirma (a cursiva é nosa):

Desta idea de “autenticidade” derivaríase a potenciación dos elementos propios e diferenciais do galego respecto do castelán, nomeadamente aqueles que están presentes na lingua popular e cos que a gran maioría dos falantes nos sentimos identificados. Aquí estarían incluídos trazos coma a pronuncia das vogais tónicas e átonas de maneira semellante ao galego popular, a entoación, o *infinitivo conxugado*, a colocación dos clíticos persoais, as perífrases, locucións, así como a potenciación do uso do léxico máis tradicional e diferencial na medida en que sexa utilizable para as novas realidades culturais. (Regueira 2012: 195-196)

Na mesma liña, o estándar de aprendizaxe dos currículos da materia “Lingua e literatura galegas” da ESO e do Bacharelato en que figura o IF (“emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada”) preséntao como representante das “expresións propias do galego”, en pé de igualdade coa fraseoloxía, que adoita considerarse un dos elementos que mellor representan a idiosincrasia das linguas²¹. O IF é así mesmo un trazo recorrentemente mencionado nas obras centradas na caracterización da “lingua de calidade” (Freixeiro Mato 2009: 90; Moure 2011: 108; Sanmartín Rei 2011: 43).

É posible, pois, que o IF sexa empregado por algunhas/algúns estudantes, sobre todo tendo en conta o escenario (unha proba moi relevante en que se avalía o dominio do galego), por seren conscientes da valoración positiva que o emprego do IF ten no discurso

formal, e particularmente académico²², pero sen coñeceren en realidade a súa funcionalidade, o que xustificaría os erros encontrados²³. A este respecto, debe notarse que os libros de texto, e algunhas gramáticas, adoitan centrarse na descrición dos contextos axeitados para a flexión do infinitivo e non tanto no seu valor e na xustificación de por que determinados usos son adecuados e outros inaxeitados. De feito, tal e como indicamos, fronte ao que en principio cabería esperar, os principais problemas atopados están relacionados coa selección de número e persoa e non tanto coa escolla de contextos de uso, un aspecto que, de acordo co que acabamos de sinalar, parece estar no foco do tratamento no ámbito educativo.

Na mesma liña, é probable que a escaseza de exemplos de IF, máis alá da influencia do castelán, estea tamén en parte condicionada tanto por ese descoñecemento da súa funcionalidade, como polo temor a cometer incorreccións por parte do alumnado, temor que en boa medida deriva dunha presentación baseada na prescrición (contextos posibles e non posibles) e non tanto na explicación e potenciación do seu uso. Así pois, se se desexa fomentar o emprego do IF, sería conveniente repensar a forma de ensinalo. Máis alá dunha presentación de contextos de uso que deben ser obxecto de memorización, sería probablemente máis adecuado explicar para que se emprega, mostrando a súa funcionalidade como elemento identificador do suxeito do infinitivo a través da flexión número-persoal, e unha vez feito isto, xustificar a partir desta funcionalidade a (in)adecuación de cada contexto.

Gondar (1978: 155), na cita reproducida máis arriba, consideraba fundamental a ausencia de escolarización en galego para explicar o escaso emprego do IF (“o influxo da morfoloxía castelana e a falta dunha escolarización en galego son decisivos e explican perfectamente

²⁰ Scida 2004: 129, cuxo estudo se limita ás variedades románicas, cita o galego, o portugués, o mirandés, o sardo, o napolitano antigo e o leonés antigo como linguas en que está ou estivo presente o IF. Vanderschueren 2013: 113 sinala que tamén se dá en linguas non emparentadas como o finés, o galés e o húngaro.

²¹ “Pero á parte da dimensión lingüística da fraseoloxía, (...) existen outros aspectos dignos de mención, como é o valor sociocultural que conteñen a maioría das unidades fraseolóxicas, por seren representantes da idiosincrasia dunha cultura, dunha sociedade, dun modo común de ve-la realidade que nos rodea” (González Rey 2004: 116).

²² Segundo comunicación persoal dunha profesora, algunhas escolas de idiomas puntúan positivamente o emprego do IF nas probas. Con todo, os criterios de avaliación detallados non son públicos e daquela, non poden ofrecerse aquí.

²³ Algo parcialmente similar parece sinalar Freixeiro Mato (2000b: 395) cando, en relación co emprego frecuente do IF por parte dalgúns autores literarios, afirma que “isto parece demostrar que un determinado número de autores son conscientes da singularidade que o IF representa no galego e procuran revitalizalo (...) aínda que tamén deixa translucir certa falta de familiaridade co uso na súa fala particular polas incorreccións cometidas”.

tais restricións”). Ao cabo de pouco máis de vinte anos, Freixeiro Mato (2000: 390-391) sinalaba, en relación coas ideas expresadas por Gondar, que “falta por sabermos se hoxe, transcorridos máis de 20 anos desde aquelas impresións *e co galego incorporado ao ensino*, a utilización na lingua oral do IF se ten incrementado, feito que nos parece evidente nos usos formalizados da lingua, mais non tanto na fala popular” (o destacado é noso). Carecemos de datos para a lingua oral, pero si posuímos datos obxectivos para a lingua escrita no ámbito académico. Os resultados das probas realizadas por Silva Valdivia no tempo en que Freixeiro Mato trasladaba estas reflexións (vid. apartado 3.1) mostraba un escasísimo uso do IF (0,8% do alumnado de 4º da ESO). Aínda que, como xa indicamos, a fonte dos datos é moi diferente, e, en consecuencia, estes son dificilmente comparables, os nosos resultados amosan un uso superior do IF (4,1% do alumnado de 2º de Bacharelato), o que podería ser un indicio do papel da escolarización no emprego do IF. Téñase en conta que este aparece dentro dos estándares de aprendizaxe a partir de 3º da ESO e se mantén tanto en 4º da ESO como nos dous cursos de Bacharelato, aínda que en todos os casos vinculado á súa utilización na lingua oral (a partir de 4º da ESO co engadido de lingua oral espontánea), tal como se pode comprobar no estándar reproducido liñas máis arriba.

O importante papel da escola na utilización do IF é evidente no portugués do Brasil, onde, tal e como xa sinalamos, o IF apenas é empregado na lingua coloquial (fronte ao que sucede no portugués europeo, como xa indicamos). No Brasil, o IF asóciase á variedade estándar e é adquirido esencialmente a través da escola²⁴:

Inflected infinitives are not acquired until between the ages of 10 and 12 in B[rrazilian] P[ortuguese], which correlates to the time BP children are introduced to the study of verbal paradigms (fourth grade on) and have an increase in exposure to reading and hearing the standard BP dialect. (Pires e Rothman 2009a: 146)

Our findings are consistent with the hypotheses that inflected infinitives are largely absent from the colloquial BP input data that children receive naturalistically, and that ultimate knowledge of inflected infinitives in adult BP grammars is not the result of L1 acquisition within the normal time frame that this acquisition takes place in. We argue instead that these forms are learned through exposure to the standard BP dialect (which clearly conserves them), most likely through formal education in the standard BP variety. (Pires e Rothman 2009a: 147)

A partir dos seus achados, Pires e Rothman (2009a: 147) destacan “the potential role of education and literacy in the acquisition of grammatical knowledge that is restricted to a standard, non-native dialect but has been lost from native vernacular dialects”.

Evidentemente, o escenario galego do IF ten diferenzas co do portugués brasileiro. Por un lado, o galego, fronte ao portugués, conta coa forte “competencia” da gramática do español, que cada vez se fai máis presente, en distintos trazos morfosintácticos, a través do fenómeno da transferencia. Pero por outro lado, no caso do galego non podemos afirmar aínda que o IF estea restrinxido á variedade estándar, posto que, pese a perda de usos, mantense vivo na fala popular, sobre todo nas xeracións máis vellas²⁵. Ademais, en boa medida polo seu carácter diferencial con respecto

²⁴ A distinta presenza do IF nas variedades populares de Portugal e do Brasil explicaría a diferente competencia ao respecto do IF entre os falantes de portugués europeo e brasileiro como lingua de herdanza. Os primeiros, que adquiren o IF a través do input natural na súa infancia, amosan un dominio similar ao dos monolingües portugueses europeos. Pola contra, os segundos, que na súa gran maioría non reciben formación académica en portugués, non adoitan ter coñecemento do funcionamento do IF, a diferenza dos monolingües brasileiros, que non adquiren a competencia na casa, pero si na escola (Pires / Rothman 2009b). A diferenza máis relevante que se percibe entre os falantes de portugués europeo como lingua de herdanza e os monolingües portugueses ten que ver co nivel de aceptabilidade de determinados usos, que é superior nos falantes de herdanza. Este feito explicaría-se pola activación nos monolingües do coñecemento prescriptivo, activación que non se produciría, ou en moita menor medida, nos falantes de herdanza, ao non posuíren o mesmo coñecemento da gramática prescriptiva, debido ao seu reducido contacto cos rexistros formais da lingua e coa instrución formal (Barbosa, Flores e Pereira 2018:154). Deste xeito, no portugués europeo a escola actuaría como “reguladora” do uso do IF.

²⁵ Por exemplo, Sánchez Rei (2007: 120), en gravacións feitas nos anos 90, non o rexistra nas xeracións máis novas, pero si en xente de maior idade. Nos fragmentos de entrevistas que ofrece Louredo Rodríguez (2019), realizadas en 2014, poden encontrarse en diferentes ocasións exemplos de uso do IF pertencentes á primeira e á segunda xeración. Con todo, o autor non analiza explicitamente a presenza do IF, de tal modo que non podemos excluír que estea presente tamén na fala dalgún membro da terceira xeración e que non se reflecta nos fragmentos de textos reproducidos.

ao castelán, o IF, tal e como comentamos, leva asociado unha marca de autenticidade (xustificada precisamente pola súa presenza na lingua popular) e asemade de prestixio, que pode funcionar como estímulo para o seu emprego. Os dous factores (presenza, aínda que escasa, no galego popular, e valoración positiva), xunto co seu emprego nos rexistros máis formais da lingua, constitúen un bo escenario para traballar o uso do IF desde a escola, a partir do input oral e escrito dos dous rexistros; para traballalo tanto desde a perspectiva máis estritamente lingüística, como para introducir reflexións metalingüísticas en volta do seu uso na sociedade, en volta da existencia dun tipo de transferencias adoito non estudadas, as transferencias por evitación, e máis en xeral, en volta das mudanzas que sofren as linguas como consecuencia das circunstancias sociais.

Malia que, tal e como nos amosan os datos obtidos por Silva Valdivia (2006), xa comentados en 3.3, unha moi boa parte do alumnado galego non acceda por vía “natural” ao IF, a competencia gramatical pode tamén adquirirse no ámbito educativo, tal e como mostran Pires e Rothman (2009) tras a súa investigación sobre o IF no portugués brasileiro:

this project has important implications for linguistic theory by demonstrating that older learners (teenagers) can obtain full grammatical competence (arguably through schooling and/or literacy) in grammatical properties of a dialect/register which was not acquired in a naturalistic way, namely the formal/educated dialect used, possibly exclusively, in professional/academic settings and in writing. (Pires e Rothman 2009: 131)

Por suposto, neste proceso xoga un papel fundamental a lingua empregada polo profesorado, de modo que a sensibilización sobre o uso do IF na súa formación inicial resulta un factor fundamental para a potenciación desta forma verbal.

Cos datos extraídos de CORTEGAL, parece evidente que a xeneralización do ensino do galego, e en galego, non contribuíu aínda á recuperación do uso do IF no galego escrito, cando menos non nos textos académicos cos que traballamos. Con todo, outras experiencias amósannos que a recuperación é posible e que o ensino ten un papel de vital importancia nese proceso.

5. Apéndice

Neste apéndice recolleemos os exemplos de uso de IF co seu contexto. Ordénanse de acordo co

código numérico asignado no corpus, que figura entre parénteses ao final do exemplo, para de tal xeito ofrecer xuntos e poder identificar aqueles exemplos que pertencen ao mesmo estudante ou á mesma estudante.

- (1) Por outra parte ter certa idea de gastronomía, ben sexa na teoría ou na práctica, supón un certo prestixio o cal, pese a *seren* algo superfluo, adquire relevancia ao ubicarse nun panorama social onde a cultura encontrase sutilmente ignorada, e no que impera por influencia suxestiva da televisión, as revistas e as redes sociais unha fascinación vaga e superficial polo novo, o innovador, o rompedor etc... polo que a escasa cultura que a maioría comparte, convertese tamén en presa desta forma de valorar as cousas da vida e a sociedade. (5)
- (2) Estes, evidentemente, queren crear produtos que compre a xente para así *obteren* máis beneficios. (24)
- (3) Así pois o que fan e relacionar precio con calidade, disminuindo de esta maneira o consumismo, pois o *seren* productos mais caros non se poden permitir tanta cantidade, olvidando que en realidade o precio na maioría das veces, non está relacionado ca produtividade. (47)
- (4) Se ben é certo que isto non é culpa nosa, senón da do sistema capitalista que nos asoballa coa publicidade, estamos facendo, sen *sermos* conscientes diso, que o sector primario pase por graves problemas, como sucede coa industria láctica na nosa terra. (52)
- (5) Por iso, o proletariado debe tomar conciencia da súa situación, erguer a súa voz en contra desta inxustiza e solidarizarse coa súa clase, evitando comprar aquilo que non precise e axudando, sobre todo, aos produtores da nosa terra, tratando de evitar, na medida que o peto o permita, as grandes multinacionais, que malia *teren* ofertas moi suculentas, rematan por perpetuar a explotación do obreiro e campesiño. (52)
- (6) E a pregunta a *facérmonos* sería: por que tendo produtos tan bos da nosa terra, como o polbo ou os grelos, hai unha gran cantidade de persoas que prefiren consumir alimentos tipicamente estranxeiros? (102)
- (7) Que este estilo de vida se manteña ao longo do tempo xa é máis discutible, pero o que está claro é que de *seguires* así a economía, este tipo de modas quedarán olvidadas e regresarán os produtos nacionais. (102)
- (8) A creación de “shows” de cociña en páxinas como “Youtube” axudaron moito o crecemento da cociña xa que agora unha persona normal pode mirar facilmente unha receta e

- aprender como facela cun video en vez de *teren* que descifrar un libro de recetas. (159)
- (9) A onde chegamos? e, o que é aínda máis alarmante, a onde imos parar de *seguirmos* así? (182)
- (10) E mesmo expertos relacionados co mundo da produción de hardware das novas tecnoloxías din que están fabricados para *romperes* máis rápido para que a xente volvao a comprar, esta cadea non é negativa e mais mellora a economía. (188)
- (11) Mentres que fai uns anos os restaurantes caros se caracterizaban por ter unha boa calidade de produto e estar ben cociñados; na actualidade para *seren* un restaurante prestixioso requírese moito máis. (190)
- (12) Por idílico que pareza este tipo de programas levan consigo un problema de cara a evolución dos nenos. Tratar aos nenos coa dureza que se fai, sometelos a esa presión... Por outra banda o feito de que eso se faga pola audiencia. Tanto adultos como mozos. Uns por chegar a *seren* como eles e outros por lles pareceren eses nenos persoaxes graciosas e inocentes. (190)
- (13) Por idílico que pareza este tipo de programas levan consigo un problema de cara a evolución dos nenos. Tratar aos nenos coa dureza que se fai, sometelos a esa presión... Por outra banda o feito de que eso se faga pola audiencia. Tanto adultos como mozos. Uns por chegar a *seren* como eles e outros por lles *pareceren* eses nenos persoaxes graciosas e inocentes. (190)
- (14) Este cambio seguramente ven dado pola demanda, maioritariamente de clases medias e altas, de *probaren* e novas experiencias, neste caso, gustativas. (192)
- (15) Nós, que tanto estamos a presumir de *seren* países desenvolvidos nos que non existe a escravización, estamos a ser por outro lado, os primeiros en fomentala. (218)
- (16) É indiscutible que este fenómeno da gastronomía foi cousa dunha moda nova establecida na civilización. Porén, tamén caracterízase por *seren* un avance de carácter cultural implantado na nosa nova mentalidadee que seguramente adquirirá un uso duradeiro. (281)
- (17) Con todo, a gastronomía é unha moda pasa-xeira: fai uns anos, o ideal era encher os pratos de comida e comer ata fartar; mais agora, o ideal son as pequenas mostras de alimento moi ben presentadas pero que, ademais de *seren* caras, non acaban coa fame. (298)
- (18) As persoas consumimos moito mais do que producimos sen *teren* en conta os efectos que isto pode ter. (319)
- (19) A publicidade dos medios de comunicación, das revistas e dos xornais fai anuncios chamativos para captar os nosos gustos e *provocaren* a sensación de necesidade do produto, o que nos introduce nun círculo vicioso de compras coas que en lugar de ter o control do noso diñeiro, o entregamos ás empresas aumentando a necesidade de máis e máis bens, ata que chegue un día no que non poidamos parar. (363)
- (20) Creo que isto é unha moda que seguirá e perdurará, debido a que tamén existe un certo “prestixio” e “nivel” ligados a este concepto de comida vangardista. Tamén, ao *incorporarmos* produtos prefabricados ou a comida rápida dubidariase da súa existencia no futuro, pero o certo é que os humanos temos a necesidade de innovar e combinar novos produtos cos tradicionais, xa que senón, “aborrecen”. (378)
- (21) Ao *sometermonos* a estándares e cánones, estamos “obrigados” a cumprir unha serie de regras non escritas, baseadas en ter a roupa de última temporada ou a última videoconsola. (383)
- (22) Toda a política e os movementos sociais veñen dados por disconformidades ao non *estaren* de acordo ca situación económica. (415)
- (23) Cuestión de moda ou non, é certo que acadou unha gran popularidade, ata o punto de *seren* ofrecidos grandes recoñecementos aos cheffs. (441)
- (24) Como último consello cómpre *sabermos* coñecer xa que é básico nas nosas vidas. (466)
- (25) Tamén cómpre *destacarmos* que ese “tráfico de comida” que se denuncia no texto é en realidade o que demanda a poboación, sobre todo a máis xove. (477)
- (26) A min gústame ir para a aldea cos meus avós e estar na horta recollendo tomates, leitugas, cenorias... ademais de *pasares* un rato agradable cos avós, estámonos asegurando que o que imos comer é sano e aforramos bastantes cartos. (494)
- (27) Compre *sermos* conscientes de que estamos a vivir nunha sociedade moi influenciada polo consumismo e as modas, toda nova tendencia resulta ter un gran éxito na poboación. (496)
- (28) De *seguirmos* así, os gandeiros, agricultores e particulares desaparecerán posto que a competencia de grandes multinacionais ocupará o seu posto nas tendas, con precios aínda máis baixos (e produtos de peor calidade). (550)
- (29) A fin e ó cabo, moitas persoas compran por comprar, sen *fixárense* se o produto e do país,

- se ven envasado con plástico ou se é de mellor ou peor calidade, é o máis barato e o compran. (550)
- (30) Así é todo, moita culpa diste problema téñeno as autoridades, que non fan nada ó *veren* que os produtores galegos están a perder o seu emprego e as súas empresas (propias do país), pola chegada doutras máis baratas e estranxeiras. (550)
- (31) Por iso, na miña opinión, non se debe frear o consumo, sempre e cando sexa prudente, ou a produción, o que deberíamos frear é a publicidade enganosa, e así poder *sabermos* o que mercamos sen prexuízos. (569)
- (32) Moitas veces sen *dármonos* conta somos partícipes dunha economía que supón a compra continua de obxectos materiais que na maioría dos casos nin sequera necesitamos. (651)
- (33) O verdadeiro problema reside en que para *podérmonos* permitir eses luxos existen milleiros de persoas que son exclavizadas, traballando día e noite por un soldo que non chega para cubrir necesidades básicas como pode ser unha alimentación digna. (651)
- (34) Para *concluirmos*, a produción non existiría sen o consumo. (653)
- (35) Para *concluirmos*, deberíamos de intentar non consumir sen necesidade, dado que consumir por consumir pode perxudicarnos, e favorecer unicamente a produtividade das empresas. (654)
- (36) Sen *sermos* conscientes, nacemos e desenvolvemos as nosas vidas baixo as consignas de consumir e producir (655)
- (37) Para *finalizarmos*, a relación entre produción e consumismo está e estará presente nos nosos días, pois é a una única forma que ten a sociedade de seguir co seu normal desenvolvemento. (655)
- (38) Toda esta eficacia na produción non ten outra finalidade que a de *acadarmos* un salario a fin de mes que nos permita non só subsistir, senón tamén satisfacer os nosos desexos de consumo que non son poucos, pois os estímulos chégannos dende calquera parte e dende calquera lugar. (655)
- (39) Son numerosas as vantaxes disto posto que favorecen o coñecemento das técnicas culinarias ao *poderen* ser observadas minuciosamente por unha cámara e, por tanto, ser grabadas por sempre. (667)
- (40) Pola contra, o gobernos españois caracterízanse por *seren* corruptos e ineficaces, polo que agora mesmo é complicado saír da crise. (688)
- (41) Se nada máis entrar en crise, o goberno investise cartos, tardaríase só uns anos en saír da crise, pero coma xa citei antes, os gobernos españois sempre se caracterizaron por *seren* corruptos e ineficaces. (688)
- (42) Así mesmo o descenso de produtividade descende o consumismo xa que os traballadores implicados nos procesos produtivos ven como a súa capacidade adquisitiva é menor, por tanto á hora de consumir modéranse máis, reducindo desta forma o consumo, o que significa perda de beneficio para as empresas, que ao *veren* reducido o seu beneficio reducen a produción afectando aos traballadores. (749)
- (43) Isto é, os alimentos son coma a roupa ou os produtos de hixiene: pasaron de ter un uso específico a *seren* un obxecto co cal o capitalismo fai crer ás persoas que quen máis cartos ten para pagar cousas de marca é mellor ca o resto. (777)
- (44) Está claro, vivimos nunha sociedade de consumo, nunha sociedade onde mercar uns pantalóns cando xa tes quince é máis importante que o home tirado na rúa que carece de teito e dignidade. Unha sociedade que é máis importante o vestido de fin de ano que deixar de consumir para *podermos* salvar o planeta. (791)
- (45) En conclusión, agardo que esta actitude cambie canto antes para *podermos* prosperar como unha sociedade ecoloxista en favor do medio ambiente. (791)
- (46) Pero hoxe en día iso non ocorre nestes países, polo que a comida podeselle engadir outros alicientes que a convirten nun dos grandes representantes da nosa cultura, e chegando en certos casos a *seren* tratada coma un artigo de luxo. (810)
- (47) Allea a relación gastronomía - turismo, está o protagonismo que acada a alta cociña, que outorga premios e distincións tanto a locais como a chefs, que pasan a *seren* máis coñecidos. (817)
- (48) A evolución do mundo cara a modernidade fixo que se crease unha gastronomía diferente en cada cultura como a gastronomía de sentidos que non só consiste en degustar e analizar os pratos, senón que o deber das persoas é *teren* sentido eses pratos. (857)
- (49) A xente xa só encontra a felicidade e a satisfacción no *mercaren* sen control. (883)
- (50) Para *concluimos*, cabe destacar que as novas tecnoloxías tamén axudaron ao espallamento do consumismo ao facilitaren a práctica de mercar. (883)
- (51) Para *concluimos*, cabe destacar que as novas tecnoloxías tamén axudaron ao espallamento

- do consumismo ao *facilitaren* a práctica de mercar. (883)
- (52) Da mesma maneira, penso que esta moda deixará pegada na sociedade, xa agora hai xente verdadeiramente apasionada co mundo da cociña, entre eles, moitos nenos que están desexando medrar para *convertírense* en grandes cocineiros. (889)
- (53) Os fillos encóntranse nunha etapa vital crítica onde tratan buscar quen son e qué queren ser, chegando a ser incomprensibles en ocasións. Pensan que teñen unha maior madurez só por *chegares* á adolescencia, pero en realidade é unha fase de cambio e capricho. (918)
- (54) Esta situación dasé sobre todo en nenos que están acostumados a *conseguiren* o que queren e por culpa dos pais que consintén todo para que o seu neno non se poña a chorar. (930)
- (55) Esta sobreprotección aos rapaces por parte dos pais crea unha rebeldía nos mozos, os que, por non *faceren* caso a seus pais, xa que se sinten “dominados” ou “escravizados” realizan unha serie de conductas improprias para a súa idade ou calquer outra. (991)

6. Referencias bibliográficas

- Álvarez, Rosario (1994): “Gramática descriptiva e gramática prescritiva”, *Cadernos de lingua* 10, pp. 19-34, <http://publicacionsperiodicas.academia.gal/index.php/Cadernos/article/view/540/554>.
- Álvarez, Rosario e Xosé Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Álvarez de la Granja, María (2018): “Corpus de textos de estudantes galegos (CORTEGAL). Aspectos metodolóxicos”, en M. Díaz, G. Vaamonde, A. Varela, M^a Carmen Cabeza, J. M. García-Miguel e F. Ramallo (eds.), *Actas do XIII Congreso Internacional de Lingüística Xeral*. Vigo: Universidade de Vigo, pp. 55-62, <http://cilx2018.uvigo.gal/actas/pdf/655842.pdf>.
- Barbosa, Pilar; Cristina Flores e Cátia Pereira (2018): “On subject realization in infinitival complements of causative and perceptual verbs in European Portuguese: Evidence from monolingual and bilingual speakers”, en A. Cuza e P. Guijarro-Fuentes (eds.), *Language acquisition and the contact in the Iberian Peninsula*. Berlin / New York: Mouton de Gruyter, pp. 125-158, <https://doi.org/10.1515/9781501509988>.
- Canever, Fernanda (2017): *Infinitivo flexionado em português brasileiro: Frequência e percepções socio-linguísticas*. Tese de doutoramento inédita. São Paulo: Universidade de São Paulo, https://teses.usp.br/teses/disponiveis/8/8139/tde-04042018-184015/publico/2017_FernandaCanever_VCorr.pdf.
- Duarte, Inês; Ana Lúcia Santos e Anabela Gonçalves (2016): “O infinitivo flexionado na gramática do adulto e na aquisição de L1”, en A. M. Martins e E. Carrilho (eds.), *Manual de linguística portuguesa*. Berlín / Boston: Walter de Gruyter, pp. 453-480, <https://doi.org/10.1515/9783110368840-019>.
- Dubert García, Francisco (2005): “Interferencias del castellano en el gallego popular”, *Bulletin of Hispanic Studies* 83/3, pp. 271-291, <https://doi.org/10.3828/bhs.82.3.1>.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2000a): *Gramática da lingua galega. Morfosintaxe*. Vigo: A Nosa Terra.
- (2000b): “Sobre os usos do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo no galego moderno”, en R. Álvarez e D. Vilavedra (coords.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, vol. 1, pp. 389-416.
- (2009): *Lingua de calidade: vinte reflexións e unha proposta esperanzada para un galego con futuro*. Vigo: Xerais.
- Gondar García, Francisco (1978): *O infinitivo conxugado en galego*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela (*Verba. Anuario galego de filoloxía*, Anexo 13).
- González Rey, María Isabel (2004): “A Fraseodidáctica: un eido da fraseoloxía aplicada”, *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 6, pp. 113-130, http://www.cirp.es/pub/docs/cfg/cfg06_05.pdf.
- Hermida Gulías, Carme (2004): *Gramática práctica: morfosintaxe*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Instituto Galego de Estatística (2019): *Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego*. Santiago de Compostela: Instituto Galego de Estatística, https://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0206004.
- Jansegers Marlies e Clara Vanderschueren (2010): “El infinitivo flexionado gallego: ¿Entre portugués y castellano?”, *Revue de linguistique romane* 295-296, pp. 415-441.
- Louredo Rodríguez, Eduardo (2019): *Variación e cambio lingüístico en tempo aparente: o galego do Ribeiro*. Tese de doutoramento inédita. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/19106>.

- Maurer Jr., Theodoro Henrique (1968): *O infinito flexionado português (estudo histórico-descritivo)*. São Paulo: Companhia Editora Nacional.
- Moure, Teresa (2011): *Ecolingüística: entre a ciencia e a ética*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- Oliveira, Taísa Peres de (2012): “A oração subordinada de adição”, *Estudos lingüísticos* 41/1, pp. 90-100, <https://revistas.gel.org.br/estudos-linguisticos/article/view/1217/770>.
- Pires, Acrísio e Jason Rothman (2009a): “Acquisition of Brazilian Portuguese in late childhood: Implications for syntactic theory and language change”, en A. Pires e J. Rothman (eds.), *Minimalist Inquiries into Child and Adult Language Acquisition: Case Studies across Portuguese*. Berlin / New York: Mouton de Gruyter, pp. 129-154, <https://doi.org/10.1515/9783110215359>.
- (2009b): “Disentangling sources of incomplete acquisition: An explanation for competence divergence across heritage grammars”, *International Journal of Bilingualism* 13/2, pp. 211-238, <https://doi.org/10.1177/1367006909339806>.
- Real Academia Galega (2012): *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega, <https://academia.gal/dicionario> [consulta: 15/11/2019].
- Regueira, Xosé Luís (2012): “Autenticidade e calidade da lingua: purismo e planificación lingüística no galego actual”, *Estudos de lingüística galega* 4, pp. 187-201, <https://revistas.usc.gal/index.php/elg/article/view/410/407>.
- Sánchez Rei, Xosé Manuel (2007): “Algunhas reflexións sobre o variacionismo lingüístico xeracional no galego”, en I. Méndez López e A. Sánchez Pérez (eds.), *Lingua e idade: III Xornadas sobre Lingua e Usos*. A Coruña: Universidade da Coruña, pp. 97-131, <https://ruc.udc.es/dspace/handle/2183/8813>.
- Sanmartín Rei, Goretti (coord.) (2012³): *Sobre a calidade da nosa lingua*. A Coruña: Universidade da Coruña, https://www.udc.es/export/sites/udc/sn/_galeria_down/documentospdf/Libro_Calidade_Lingua.pdf_2063069239.pdf.
- Scida, Emily (2004): *The inflected infinitive in Romance languages*. New York / London: Routledge.
- Serrano, María José (2013): “El pronombre *tú* como recurso objetivador en español: variación textual y discursiva”, *Borealis: An International Journal of Hispanic Linguistics* 2/1, pp. 179-197, <http://dx.doi.org/10.7557/1.2.1.2519>.
- Silva Valdivia, Bieito (2006): *Castelanismos morfosintácticos no galego. Avaliación da competencia do alumnado*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- (2013): “Galego e castelán: entre o contacto e a converxencia”, en E. Gugenberger, H. Monteagudo e G. Rei-Doval (eds.), *Contacto de linguas, hibrididade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, pp. 287-314, <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=2065>.
- Soares da Silva, Augusto (2008): “The Portuguese inflected infinitive and its conceptual basis”, en B. Lewandowska-Tomaszczyk (ed.), *Assymetric Events*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins Publishing Company, pp. 227-243, <https://doi.org/10.1075/ceclr.11.15sil>.
- Vanderschueren, Clara (2013): *Infinitivo y sujeto en portugués y español. Un estudio empírico de los sujetos adverbiales con sujeto explícito*. Berlín / Boston: Walter de Gruyter, <https://doi.org/10.1515/9783110307733>.
- Vanderschueren, Clara e Marlies Jansegers (2010): “La vitalidad del infinitivo flexionado gallego”, en P. Cano López et al. (eds.), *XXXIX Simposio Internacional de la Sociedad Española de Lingüística*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela (edición en CD-Rom).
- Vázquez Diéguez, Ignacio (2012): “O infinitivo (conxugado) galego e portugués e as súas correspondencias en español”, *Estudos de lingüística galega* 4, pp. 107-130, <https://revistas.usc.gal/index.php/elg/article/view/406>.
- Vesterinen, Rainer (2006): *Subordinação adverbial – um estudo cognitivo sobre o infinitivo, o clítico SE e as formas verbais finitas em proposições adverbiais do Português Europeu*. Tese de doutoramento. Estocolmo: Universidade de Estocolmo, <http://su.diva-portal.org/smash/get/diva2:199744/FULL-TEXT01.pdf>.
- Xove, Xosé (2005): “O verbo galego: usos e abusos, descrición e prescrición”, en R. Álvarez e H. Monteagudo (eds.), *Norma lingüística e variación*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, pp. 313-334, http://consellodacultura.gal/mediateca/pubs.pdf/norma_lingua.pdf.